



- 03 Editorial**
- 04 Denuncias e comentarios**
- 08 Reflexión desde o feminismo**
Guillermina Domínguez Touriño
- 10 Xornadas Feministas de Granada 2009**
Nanina Santos
- 12 Granada, trinta anos despois, aquí e agora**
Justa Montero
- 14 De Granada a Granada (1979 – 2009)**
Paloma Uría
- 17 Porta aberta a Hannah Arendt**
Idoia Elfrüm
- [DOSSIER] **18 Mares de mulleres**
- 20 A primeira folga importante de mulleres en Vigo en 1931**
Isaura Graña
- 21 A Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao**
LGL
- 24 Proceso de profesionalización das mariscadoras**
Pencha Santasmarinas
- [ENTREVISTA] **29 Pencha Santasmarinas**
Laura Gómez Lorenzo e Nanina Santos
- 35 Testemuños e lembranzas das mulleres da conserva**
Xela Cuñarro Otero
- 38 Alfageme: A reconversión silenciosa dun sector feminizado**
LGNS
- [LIBROS] **41 Mecas: A memoria das mulleres**
NSC
- 42 Ruth Matilda Anderson**
María Saa
- [LEMBRANZAS] **48 Xulia, de doncela a administradora do seu fogar**
Patricia e Angélica Comesaña Comesaña
- [LIBROS] **50 A puta sagrada**
Estrela Villaverde

Revista Galega de Pensamento Feminista
Primeiro cuadrimestre, 2010
Apdo. 1058 Santiago de Compostela
www.andainamulleres.org
andaina@andainamulleres.org

Consello de redacción
Nadia Álvarez Fernández
Ana Arellano
Patricia Arias Chachero
Celia Balboa Guerra
Dalila Dopazo
Zélia Garcia
Laura Gómez Lorenzo
Pilar Pérez Rey
Saleta de Salvador
Nanina Santos
Iria Vázquez
Estrela Villaverde

Colaboran neste número
Guillermina Domínguez Touriño
Nanina Santos
Justa Montero
Paloma Uría
Idoia Elfrüm
Isaura Graña
LGL
Pencha Santasmarinas
Laura Gómez Lorenzo
Xela Cuñarro Otero
LGNS
NSC
María Saa
Patricia e Angélica Comesaña Comesaña
Estrela Villaverde

Deseño gráfico: **Uqui IIIII Cebra**
Imprime: **Grafisant, S.L.**
D.L.: C-1.146-88

En pleno século XXI hai un estado aceptado e respectado polo resto dos países, mesmo os que se proclaman máis democráticos, que se rexe por preceptos feudais. Unha pequena cidade-estado no corazón de Europa, pero cun poder e autoridade que se estende moito máis alá dos seus límites. A persoa que mantén o poder de por vida, salvo improbables abdicacións, é elixida entre unha selecta casta de príncipes, que, á súa vez, son designados polo xefe de goberno durante o seu mandato, o que asegura e perpetúa unha determinada liña ideolóxica. Un goberno baseado nunha inflexible xerarquía, na que ningún súbdito cuestiona este poder, entre outras cousas porque se aceptan como infalibles as decisións do mandatario cando este así o proclame. Un estado no que relixión e política van unidos, un estado e un goberno no que as mulleres só poden ocupar un papel subalterno. Está claro que estamos a falar do Estado Vaticano e da Igrexa católica. Todos os gobernos que condenan o fundamentalismo islámico por dar prioridade aos principios da súa relixión fronte aos dereitos civís e democráticos, que denuncian as leis que negan dereitos ás mulleres e aos homosexuais e lesbianas esquecen condenar moitas normas semellantes da Igrexa católica; ao contrario, dobréganse ante o seu poder e algúns, como no caso español, mesmo lle financian aulas nas que impartir a súa ideoloxía.

Unha ideoloxía que antepón o sacrificio ao pracer, a obediencia á libre elección, os homes ás mulleres, e que presenta o sexo como a orixe de todos os males, ata tal punto que para librar as súas figuras sagradas desta lacra no imaxinario colectivo, inventou o dogma da concepción sen sexo de Xesús. Unha ideoloxía que nega ás mulleres o control sobre o seu propio corpo e compara as leis que legalizan o aborto co ex-

editorial

terminio nos campos nazis. Que se manifesta en contra da distribución de preservativos en países assolados pola SIDA e a fame, porque segundo a súa doutrina só a abstinencia é o método aceptado para evitar as enfermidades e o control da natalidade. Que non ten reparo en criticar as leis do Goberno español que legalizan o matrimonio entre persoas do mesmo sexo, porque considera a homosexualidade un vicio ou unha enfermidade. Que está en contra de que exista educación sexual nas escolas e de que se comercialice a píldora do día seguinte. Que levanta airadas protestas tachando de antidemocrática a proposta de suprimir os crucifixos dos colexios a pesar de que estamos nun estado aconfesional... E así poderíamos seguir con moitos exemplos máis de integrismo reaccionario, sobre todo nestes últimos anos en que os sectores máis ultras dominan dentro da Igrexa.

Por sorte son moitos os católicos que non están de acordo con estas normas e declaracións e hai sobrados exemplos de persoas que criticándoas destacaron pola súa solidariedade cos máis desfavorecidos, desde o bispo Casaldàliga ata Vicente Ferrer ou moitas comunidades que xurdiron da teoloxía da liberación... Claro que todas estas teñen sido cuestionadas dentro da Igrexa precisamente por non acatar a autoridade de Roma.

As crenzas relixiosas pertencen ao ámbito privado, a liberdade relixiosa é un dereito individual e cada quen é libre de crer no deus ou deuses que queira (nos que foi educado, os que descubriu ao longo da vida, os que lle caen máis simpáticos) ou de non crer en nada. Pero vivimos nun país onde a Igrexa católica ten desde sempre un gran poder, que inflúe na educación, nos gobernos e nos negocios, e por iso, aínda que esteamos nun estado aconfesional, os gobernantes sempre procuran estar a ben con ela. E nestas componendas entre Goberno e Igrexa as mulleres temos moito en xogo, porque se o avance do integrismo relixioso supón un freo para os dereitos de toda a sociedade, moito máis para as mulleres, porque son os nosos dereitos, o dereito a decidir sobre o noso corpo e as nosas vidas, un dos principais cabalos de batalla da actual Igrexa católica, por iso nos reafirmamos na consigna que se cantou en Granada, «Saquen os seus rosarios dos nosos ovarios». ■



denuncias e comentarios

Velaquí retazos do mundo civilizado, humanitario e cristián diante dos incultos seres que poboan o *terceiro*, *segundo* ou *cuarto mundo*.

Terremoto en Haití: destrución, desorde, desconcerto, descontrol..., lugar ideal para o **roubo de crianzas**, para adopcións fraudulentas, venda, tráfico de órganos, trata de persoas.



Refugio de Niños Nueva Vida, grupo cristián-baptista de Idaho afirma na súa páxina web que a súa misión (encomendada por Deus, faltaba máis!) é sacar os nenos haitianos «como sexa» do país. Foron sorprendidas dez persoas desta organización cruzando a fronteira de Haití a República Dominicana con 33 nenos e nenas de idades comprendidas entre 3 meses e 12 anos.

Laura Silsby e os seus cooperantes daban unha carta, cando menos a algunha das nais, na que escribían: «Temos un fermoso lugar para vivir, cun campo de fútbol, unha piscina, moi preto do mar. Contamos coa autorización do Goberno para levar os nenos e bebés de até 10 anos a estes orfanatos da República Dominicana. Os familiares e amigos poden visitalos e ver o funcionamento na nosa páxina web». E isto era, por suposto, unha oportunidade que Deus daba «aos bos pais cristiáns». ■

A Asociación Cultural Alexandre Bóveda celebrou o 17 de decembro de 2009 na Coruña a gala *XXV aniversario da Xeración de amor e desamor*. Interviñeron no acto integrantes da xeración (Lino, Manuel, Miguel, Xosé, Miguel Anxo, Xulio, Xabier), todos uns eles. Iso si, presentados por Consuelo Bautista, para que non se diga que faltaban as elas. ■



Barril&Barral puxeron en marcha a Serie Libertina, colección de textos eróticos, escritos entre os séculos XVI e XIX, nos que o sexo transgresor segundo as leis e a moral das distintas épocas é o protagonista: sadomasoquismo, incesto, lesbianismo, orxías, etc.

A directora é Paula Cifuentes. De mulleres, poderemos acceder aos textos de Mademoiselle Aïssé.

Aínda que hoxe as liberdades son máis amplas, e hai liberdade sexual entre elas, a literatura erótica forte segue vadeando por terreos escuros segundo Ana Esteban, directora de La Sonrisa Vertical. ■

Llamazares para Bin Laden



O FBI usou a imaxe de Gaspar Llamazares como base para actualizar a foto de Bin Laden. «Erro inaceptable» dixeron cando se lles descubriu. Erro? Deliberado, deliberadísimo. Buscado e rebuscado.

Dixeron os do FBI, naturalmente responsables ao máis alto nivel, que «usaran unha foto de Llamazares achada no buscador Google sen seren *conscientes* de quen era». Sabiades que tamén serviu Llamazares, parece, para a recreación do terrorista libio Atiyah Abd al-Rahman? Llamazares fará ben en non saír de España mentres non se subsane tamaño despropósito. Polo que poida suceder. ■

denuncias e comentarios



Lorena Luaces, atleta ourensá bateu por quinta vez no 2009 unha marca galega, a de cinco quilómetros marcha. Gañou en Toledo e deixou a marca en 22 m 41 s. ■



Teresa Portela, campioa de Europa K-1 200 m (e o bronce mundial K-4 1000 m), está ilusionada coa súa presenza nos Xogos Olímpicos en Londres 2012. ■

A formación ocupacional, vaia negocio!

Este asunto si que pode unir e reunir a sindicatos, patronal e Goberno. Destínanse 2696 millóns de euros no ano 2010 para programas de formación continua. O 15,7 % das persoas desempregadas recibe algún tipo de formación. Só o 6 % dos contidos son relevantes para a vida laboral.

Para algúns centros e empresas é un lucrativo negocio. Para os sindicatos maioritarios é unha fonte de financiamento sen a que non poderían manter as súas avultadas burocracias. Na actualidade esta partida orzamentaria é a máis forte dos seus ingresos.

Para o Goberno é un xeito de disfrazar as elevadas cifras do paro.

Para as persoas paradas? «Os cursos non valen para nada».

Por exemplo, en CC. OO. os ingresos por este concepto poden multiplicar seis veces e media as cotizacións da afiliación. Isto sen contar os ingresos das fundacións creadas para xestionar a formación. ■



Máis de vinte casos de nenos roubados durante o franquismo chegaron en setembro do 2009 ante os tribunais madrileños.

Estes roubos estiveron vixentes ata a transición. Pero, igual ao xuíz que se atreva a abrir dilixencias e investigar acúsano de prevaricación ou quen de que cousas. ■



Rafael Louzán, Alberto Núñez Feijóo e José Luis Baltar, en un acto del comité de ciudades del PPdeG

O Xornal de Galicia incluía esta foto na súa edición do 4 de febreiro de 2010 nunhas páxinas dedicadas ao PP. Reparade na foto atentamente e lede o pé de foto. Un exemplo evidente de construír silencio e ocultación das mulleres. Elas non están, non son. ■

denuncias e comentarios

Mulleres da Coordinadora Europea Vía Campesíña xuntáronse en Betanzos os días 3 e 4 de novembro. Alí analizaron a situación profesional das mulleres do agro, os cambios da Política Agraria Común (PAC), o papel das labregas no desenvolvemento rural, as concrecións da Campaña Internacional contra a Violencia sobre as Mulleres aprobada na V Conferencia de Vía Campesíña celebrada en Maputo, Mozambique, en outubro de 2008, á que acudiran Isabel Vilalba e Xosé Ramón Cendán.

Compartiron os trazos principais das súas reivindicacións: que as cotizacións á Seguridade Social sexan axeitadas ao nivel de ingresos das mulleres nas explotacións agrarias e con coberturas dignas; a titularidade compartida; a participación igualitaria a nivel sindical, político e social, así como a necesidade da corresponsabilidade de mulleres e homes no ámbito doméstico e no espazo público. ■




Flor Baena quere restaurar a memoria de Xosé Humberto Baena, fusilado en Hoyo de Manzanares (Madrid) o 27 de setembro de 1975 con outros dous militantes antifranquistas. A película *Septiembre del 75* súmase as obras que tratan de recuperar a agachada memoria no consenso parlamentario da transición.

E non para de ir de aquí para alí, dar charlas, moverse e *mover Roma con Santiago* para conseguilo.

É o soño desta familia, poder rehabilitar o seu nome, que retomou o traballo do seu pai morto coa impotencia de non poder demostrar a súa inocencia.

Que anulen a sentenza e que recoñezan que foi un xuízo inxusto: que non podía ser xulgado pola xurisdición militar, que os obrigaron a asinar a declaración baixo torturas, que a lei antiterrorista foi redactada estando Xosé Humberto na cadea, que non admitiron a ningunha testemuña. ■

Munilla, bispo de San Sebastián, lucíuse por varias cousas que podes indagar na súa biografía (ollo a que fontes acudides). Unha delas, as declaracións «teolóxicas» sobre o terremoto de Haití. «...Deberíamos, ademais de poñer toda a nosa solidariedade con eses pobres [os haitianos], chorar por nosoutros [...] pola nosa pobre situación espiritual».



Si señor, esa espiritualidade forxada por tantos ministros de Deus predicando nos púlpitos e adoutrinando en confesionarios, catecismos e seminarios xustificando a escravitude, a tortura, a submisión da muller –aínda, as brasas das recentes declaracións do bispo de Granada sobre as mulleres que abortan e os malos tratos–, a explotación das persoas traballadoras. Espiritualidade tamén fornecida coa condena pública e explícita da liberdade de pensamento, o erotismo, a igualdade de dereitos entre os seres humanos, os avances científicos. Vaia desfachatez e caradura! ■

Noa Mascato Fontaiña, unha moza realmente valente: Só ten 12 anos, estuda primeiro de ESO no IES Os Rosais de Vigo e o xoves 21 de xaneiro estivo a piques de non ir á folga porque o profesor de Lingua e Literatura Española puxo un exame para ese día e lles dixo que o ía ter en conta na avaliación. Na casa explicáronlle que iso da folga é un dereito e que ninguén nolo pode pisar, pero que a última hora era ela quen tiña que elixir e que tiña que facelo con liberdade.

A miña amiga Noa, que é unha boa alumna, preocupada e traballadora, non foi ás aulas o xoves 21 de xaneiro, o 47 % das compañeiras e compañeiros do seu centro tampouco o fixeron. Parabéns a todas e todos eles! ■

Izquierda Unida e a prostitución

Izquierda Unida decidiu no último Consello Político Federal tomar postura común sobre a prostitución. Na súa opinión a prostitución sempre e en calquera situación, supón un exemplo máis de violencia de xénero e debe considerarse como tal a efectos legais e policiais, porque: «É unha forma extrema de violencia de xénero, consecuencia da desigualdade entre homes e mulleres, que existe de xeito estrutural na sociedade». O debate e a división sobre a cuestión nesta formación rematou coa peor das posicións, que gaña por un voto. Importa saber que na votación final Llamazares e Inés Sabanés abstivéronse. ■



Por un bico!

Haison Jian, de 28 anos, pasou por baixo dunha barreira no aeroporto de Newark, no estado de Nova Jersey, entrando nunha «zona de seguridade» para despedirse dunha muller cun beixo. E isto, o beixo, levou ao peche do aeroporto por varias horas e a detención de Haison acusado dunha acción desafiante para a seguridade. Ah que mundo de tolos! ■

Mahru-Z




Mahru-Z, un robot de última xeración foi deseñado por unha equipa de científicos surcoreanos liderados por Yu Bem-Jae, xefe do centro de robótica cognitiva do Instituto Coreano de Ciencia e Tecnoloxía. É un robot andador con cabeza xiratoria (importa moito a súa visión tridimensional para observar obxectos e recoñecer tarefas), brazos, pernas e seis dedos.

Recoñece a xente, pode pór o microondas, lavadora, lava-vaixelas, coller bocatas, tazas, pratos e calquera cousa que entenda que é un obxecto...

Sabedes cal foi o titular de *La Voz de Galicia* para esta noticia o martes 19/01/2010, na súa páxina 31?: «Científicos surcoreanos crean un robot que hace las tareas de una empleada de hogar». Si, si, volve a lelo, non as tarefas do fogar, senón as dunha empregada do fogar.

Que terá na cabeza o xornalista? ■



Reflexión desde o feminismo

30/11/2009 versus Granada 13/12/2009

GUILLERMINA DOMÍNGUEZ TOURIÑO

A primeira data corresponde á reportaxe do suplemento de *El País* «A arte como espello do tempo: Fusi e Calvo Serraller narran a historia de España en 50 cadros»; a segunda, á outra, referente á necesidade ou non do feminismo, «30 anos despois... aínda é necesario o feminismo?: Máis de 4000 mulleres certifican a vixencia da loita feminista».

Per se, creo que queda contestada a pregunta da segunda reportaxe, pero aínda así matizareí. Como feminista, historiadora e educadora, paseime media vida recuperando a historia da metade da humanidade en aras da tan manida *igualdade* e de que o que non se nomea se invisibiliza. O alumnado que non percibe a unha metade da poboación en ningunha das fazañas ou actividades da historia ou de calquera outra disciplina, é imposible que creza na igualdade, na xustiza e na equidade, xa que apenas albisca a existencia dun colectivo que, aínda que maiori-

tario, segue sendo tratado como unha minoría pola ciencia androcéntrica e patriarcal.

Claro que segue facendo falta o feminismo, compañeiras! Ese feminismo que desde Olimpia de Gouges, e ata antes, foi abrindo camiño aos dereitos, á autoestima, ao valor cidadán das mulleres do mundo e que, como ben podemos comprobar e non só por este feito puntual, dista moito de estar conseguido.

«Fusi e Calvo quixeron facer un libro tan didáctico como útil, que se poida ler seguido ou por capítulos elixidos ao capricho». Didáctico e útil?... non o será para os tempos que estrañamos e polos que seguimos traballando, eses da citada equidade. Para ambos científicos as mulleres, na arte, deben de ser meros *obxectos* de transmisión de valores puramente androcéntricos, suxeitos pasivos da realidade histórica e non o que deberían ser e son, axentes activos da historia.



Como é posible que homes da talla dos asinantes do artigo partan de perspectivas tan deostadas? Seica as Ende, Artemisia Gentilleschi, Sofonisba Anguissola, Camille Claudel, Maruja Mallo e outras moitas non teñen a talla que se precisa desde o seu punto de vista para poder transmitir a historia dos últimos séculos? Seica non viviron, traballaron e transmitiron versións similares ou diferentes, en calquera caso válidas

para tamaño obxectivo? Podería ser ata decepcionante para todas e en especial para as que durante moitos anos seguimos traballando na recuperación continua en todos os campos de todas esas mulleres grazas ás que as actuais, e occidentais, podemos exercer a nosa actividade cidadá e profesional con liberdade, aínda que cobremos menos cos compañeiros homes.

Non quixera ter que pensar que por ser homes, aínda que científicos, teñan esa perspectiva, e non o penso, porque sei que hai outros que colaboran e traballan para que isto cambie, pero a proxección que teñen os asinantes non é a que temos moitas de nós e o noso esforzo non é recollido polas editoriais da mesma forma.

Pero, tranquilidade, lonxe de decepcionarnos, dáanos a forza suficiente para seguir traballando por todas e cada unha das mulleres do mundo, ata polas que deostan o termo *feminismo!* Veña

do lado que veña, ha de imperar a solidariedade feminina, a que produce a forza que ha de ter un 55 % da poboación humana.

Fai uns dous anos que fixen un par de traballos para poder ir introducindo en paralelo a todas esas mulleres que na historia e na historia da arte (no último caso) existen pero non están. Deses soamente se favorece o alumnado que teño preto e poucos máis, porque nin ás editoriais de libros de texto nin ás institucións educativas interesoulles no seu momento facer nada por difundilo. O meu é un pequeno gran de area nun deserto, pero está o traballo de moitas historiadoras de sona, outras tantas dedicadas á arte, científicas das humanidades que trouxeron ao presente toda unha bagaxe cultural que por non ser difundida, por non facela chegar ás aulas e ao gran público, convértese –convérteno ou convertémolo?– en invisible, inútil?

As 4000 mulleres de Granada, entre as que me atopo, non teñen dúbidas: a revolución das mulleres está aínda a medio camiño e o mundo está a anos luz de ser igualitario. ■

O pobo que non sabe a súa historia está condenado a repetila e persoalmente creo que o colectivo que non coñece a súa, incorrerá no mesmo





Xornadas Feministas de **Granada.09**



Isabel Vilalba do Sindicato Labrego Galego, María García, do Sindicato de Obreiros do Campo-Sindicato Andaluz de Traballadores e Pilar Galindo de La Garbancita Ecológica na mesa redonda de *Soberanía alimentaria e xénero* desenvolvida nas Xornadas Feministas de Granada a mañá do 7 de decembro de 2009

NANINA SANTOS

A Capacidade da Coordinadora de Organizacións Feministas de reunir en Granada na ponte de decembro a máis de 3000 mulleres fálanos do entusiasmo vivo e das convicións feministas desas mulleres entre as que estabamos.

Foron moi inclusivas da diversidade: idades, preocupacións, tipo de organizacións e propostas e xeitos de facer.

O ambiente, o ton eran estupendos, aínda co desbordamento da organización que mereceu todos os parabéns pola súa hospitalidade, esforzos e traballos para que as xornadas cumprisen os seus propósitos e que todas nos sentisemos cómodas.

O día da inauguración resultou impresionante o número de mulleres que se deron cita, imperaba o ambiente de gozo propio e contaxioso dun evento estatal que había tempo que non se celebraba. O acto foi bonito, emotivo, cargado de simbolismo do que se esperaba que esas xornadas fosen e cheo de humor; con dúas intervencións que pretendían caracterizar as xornadas, a de Justa Montero –que aquí reproducimos parcialmente– e, en clave de humor, a de Lola Van Guardia (Isabel Franc). Ambas recolleron moi ben a pluralidade alí presente, os distintos xeitos de entender o feminismo, as distintas necesidades expresadas no número de exposicións presentadas.

A cantidade de relatorios, talleres, mesas, expresións artísticas e culturais eran un síntoma da vitalidade de desexos, traballos, inquedanzas e preocupacións das asistentes. Tamén, naturalmente, os habituais mercadiños de libros, revistas, produtos reivindicativos nos corredores das facultades onde se celebraban as sesións.

Paga a pena salientar o paso adiante dado no recoñecemento dos dereitos das prostitutas. A mesa redonda de

prostitución organizada por Hetaira con participación de Cristina Garaizábal, Dolores Juliano e Montse Neira estivo atestada até a bandeira. Brillante, con altura intelectual e discursos e argumentos sólidos e ben trabados, marcou un antes e un despois. O paciente traballo de Hetaira en defensa dos dereitos das prostitutas, tamén no interior do movemento feminista, deu os seus froitos.

Outro aspecto a resaltar é a cantidade de mozas *raras (queer)*: lesbianas moi masculinas, transexuais e transxéneras que o sexo non era evidente, lesbianas moi femininas... Formularon discusións interesantes sobre a necesidade de romper cos bloques binarios de xénero, entendidos estes como categorías claras e dicotómicas de homes e mulleres; sobre a necesidade de adoptar, desde o feminismo, identidades políticas cambiantes e cuestionar as identidades fortes porque son excluíntes; sobre a necesidade de despatoloxizar a transexualidade e entendela como unha forma máis de desenvolvemento da identidade de xénero... En fin, discusións novas que axudan a flexibilizar a teoría feminista baseada, en certa medida, en apelar a un *ser muller* forte e incuestionable.

Tamén houbo manifestación, que percorreu as rúas granadinas durante tres horas desde o solpor do domingo. Foi alegre, combativa, divertida, irreverente e transgresora. Moitas, moitísimas mulleres e algúns homes. Mellor que contárvola será que vaiades ao vídeo que está colgado na páxina de Andaina: <http://www.andainamulleres.org>

Se queredes unha reportaxe completa con galería de imaxes ide á páxina da coordinadora: <http://www.feministas.org/spip.php?article106> ■

Granada, trinta anos despois, aquí e agora

Extracto das palabras de Justa Montero
no acto de inauguración das Xornadas
Feministas de Granada 2009

Hai máis de trinta años soñamos que o tempo de silencio para as mulleres rematará. Ambiciosas e transgresoras, tomamos a palabra. Tiñamos unha ardua tarefa por diante e bordabamos entusiasmo para o empeño.

Hoxe chegamos a Granada desde moitos rincóns, cargadas de ilusión, de proxectos, de experiencias, de reflexións, de propostas. O feminismo non ten volta atrás, sabíámolo, pero vérmonos 3000 mulleres aquí, non deixa lugar á dubida.



[...]

Este encontro é xa un fito na historia do feminismo, un acontecemento de importancia social e política. Somos protagonistas, temos a palabra e imos iniciar este camiño cheo de convicións e dúbidas.

Benvidas.

[...]

En 1979, tres mil mulleres dabámonos cita en Granada. Eran as segundas xornadas estatais e as primeiras que convocaba a Coordinadora de Organizacións Feministas. Unhas xornadas que abriron camiños para continuar a nosa andaina pola liberdade, igualdade e autonomía das mulleres, e nas que se produciron roturas que tardaron o seu tempo en cicatrizar.

Nestes anos, o feminismo estendeuse, multiplicouse e mudou os seus lazos. Hai moitos feminismos. Entón todas estabamos agrupadas na coordinadora. Hoxe a coordinadora é unha parte do movemento. E desde esa parte tomamos a iniciativa de convocarvos a todas.

[...]

O programa que nos reúne di moito, amosa un feminismo real, vivo, que afirma a imprescindible transversalidade da política feminista, que mete o nariz en todo, que forma parte da micropolítica e dos grandes proxectos estratéxicos que involucran os destinos de millóns de seres no mundo.

Vimos a Granada a mesturarnos xeracións de feministas dos setenta, dos oitenta, dos noventa, dos dous mil, onde as novas representacións feministas atopan o seu espazo por dereito propio.

[...]

Vimos a Granada recrear un espazo onde o feminismo crítico se faga visible, ese feminismo non institucionalizado, disposto a subverter os xeitos de vida que os sistemas hexemónicos da orde patriarcal, racial, da orde moral cos seus fundamentalismos, da orde sexual, e da orde capitalista establecen. Un feminismo que considera que o único posible é o que é xusto para as mulleres.

Vimos a afirmar feminismos autónomos, independentes, que non supeñitan a axenda aos intereses doutras instancias, nin modera ou domestica o discurso nin a acción a cambio de subvencións. Feminismos que buscan o encontro e alianza con outros movementos sociais, con movementos de resistencia.

[...]

Non nos acomodamos nin somos compracentes ante o logrado. Por vivencias, experiencias, convicións e ética, non podemos selo, porque son moitas as exclusións sistémicas que expulsan as mulleres á precariedade, ás marxex, á negación dos seus corpos e o seu ser, á expulsión da cidadanía.

[...]

Estamos aquí pola enerxía e o esforzo dos lazos tecidos durante anos a través da Coordinadora de Organizacións Feministas.

Estamos aquí grazas ao traballo de moitos grupos de mulleres [...]. Grazas ao traballo inxente, xeneroso e en ocasións ingrato de todas as persoas que colaboraron na organización das xornadas.

E estamos aquí máis de 3000 mulleres, grazas [...] á sapiencia das mulleres da Asemblea de Granada que nos acollen e a quen debemos a dita de nos encontrar. ■

DE GRANADA A GRANADA

1979

2009

Os debates no feminismo da
Coordinadora de Organizacións
Feministas do Estado español

PALOMA URÍA RÍOS

O movemento feminista foi un movemento profundamente progresista e transgresor. Naceu vinculado aos movementos políticos e contraculturais de finais dos sesenta e da década dos setenta e participou da mesma visión crítica daqueles efémeros impulsos revolucionarios. Pretendía trastornar a orde conservadora establecida, especialmente no que se refire ás relacións interpersoais, á estrutura familiar ríxida baixo o predominio masculino e, sobre todo, reivindicaba unha nova concepción da sexualidade das mulleres non vinculada á maternidade e que puxese en cuestión a norma heterosexual. Poñía a súa énfase na liberdade, independencia e autonomía das mulleres e na súa capacidade para tomar nas súas mans os seus propios destinos. Ao mesmo tempo, compartía con outros movementos sociais a crítica ao sistema capitalista, ao papel controlador ou represor do Estado e, sen renunciar a impulsar cambios no ámbito do políti-

co e da lexislación, poñía as súas esperanzas na capacidade de mobilización e de convicción para impulsar un cambio nas estruturas sociais.

Se o feminismo tivo presenza pública en tanto que movemento social e activista, os seus postulados teóricos e as súas investigacións tardaron moito en entrar nos ámbitos académicos. E con todo, moitas das polémicas xurdidas en relación coas mulleres están estreitamente relacionadas co pensamento filosófico e político occidental, desde Kant ata o que se deu en chamar postmodernidade. De feito, as críticas feministas á razón ilustrada, ao liberalismo, ao marxismo deixaron ao descuberto moitas das deficiencias e incapacidades que pensadores posteriores ou contemporáneos foron descubriendo desde outros puntos de vista.

Neste libro preténdese abordar os principais debates que se mantiveron, ao longo de máis de dúas décadas, no movemento feminista unitario vincu-

lado á Coordinadora de Organizacións Feministas do Estado español e que se plasmaron nas diversas xornadas organizadas pola mesma (Granada, 1979; Barcelona, 1983; Santiago, 1979; Madrid, 1993 e Córdoba, 2000).

Un dos primeiros debates foi o que se centrou na cuestión da identidade, sobre o significado de ser muller na sociedade que nos tocaba vivir e, ao mesmo tempo, na necesidade de crear lazos solidarios e complicitades para involucrar ás mulleres na loita feminista.



Nos grupos de mulleres reflexionábase sobre a importancia de afirmarse na súa condición feminina: ninguén pode liberarse desde a desvalorización, e o orgullo de ser muller comezou a ser un sinal de identidade do movemento feminista. Foise forxando así unha conciencia máis ou menos explícita de identidade feminina, unha identidade que era máis ben un sentimento que unha elaboración concreta e foise formando en oposición a outra identidade, a masculina, que de forma máis ou menos explícita percibíase como inimiga ou contraria. Pero a maioría das mulleres que integraban o movemento era filla ideolóxica da Ilustración, cría na igualdade intrínseca do ser humano baseada na razón e nos dereitos humanos universais, e a súa aspiración era a superación das desigualdades e das diferenzas –de clase, de raza, de sexo– en prol do ser humano universal. Polo tanto, ao mesmo tempo en que se forxaba unha identidade propia en tanto que mulleres, combatíanse as teorías feministas da diferenza e avogábase pola igualdade dos seres humanos. Con todo, esta non foi a única posición; no feminismo desenvolveuse tamén un pensamento que afirmaba o valor da diferenza feminina. Para este feminismo, homes e mulleres son diferentes, e esta diferenza é positiva; a femineidade é valiosa, polo que é preciso defendela, afirmala e desenvolve-la. As Xornadas Feministas de Granada foron o marco no que este debate se fixo máis apaixonado.

Case desde o principio da súa aparición no movemento feminista europeo e americano empezaran a alzarse vo-

ces contra a pretendida homoxeneidade das mulleres. Non só estas se vían afrontadas pola súa posición de clase e a súa situación económica, senón que as feministas negras denunciaban a primacía ideolóxica das feministas brancas, e as lesbianas esixían o seu recoñecemento como grupo diferenciado; as mulleres do chamado terceiro mundo suscitaban situacións especiais e bastantes diferenzas en relación coas do primeiro mundo. A diversidade apareceu primeiro como unha ameaza contra a unidade e a solidariedade das mulleres, pero non deixou de impoñerse como realidade incuestionable. A vertice da diversidade planeou sobre o movemento feminista español e obrigouno a encarar novos debates; non só os relacionados coa diferenza e a igualdade en relación aos homes, senón os que suscitan a contradición entre identidade e diversidade das mulleres.

Outro dos debates foi o da sexualidade. O feminismo contemporáneo ten como sinal de identidade a reivindicación da sexualidade. A cuestión enfocábase desde dúas perspectivas: separar a actividade sexual da reprodución e explorar e desvelar a sexualidade das mulleres. Esixiuse a legalización dos métodos anticonceptivos, a creación de centros de planificación familiar, a educación sexual nos centros de ensino e nos barrios e o dereito ao aborto, que concentrou os principais esforzos e as mobilizacións máis importantes do movemento feminista ata mediada a década dos oitenta. Cando o movemento iniciou a súa andadura, a pobreza sexual, o descoñecemento, as repre-

sións e todo tipo de inhibicións puxéronse sobre o tapete e iniciouse un activo movemento de exploración da sexualidade feminina e de reivindicación do pracer sexual. Perseguíanse varios obxectivos: afirmar que a frixidez feminina non existe, demostrar que as relacións heterosexuais non garanten o pracer sexual para as mulleres, explicar que as mulleres poden ser sexualmente autosuficientes e recoñecer a sexualidade lesbiana. Foi un proceso positivo que axudou a moitas mulleres a enriquecer a súa sexualidade, pero tivo un efecto preocupante: o de tratar de establecer unha sexualidade ou unhas prácticas sexuais mellores que outras, o que contribuíu a acentuar a tendencia normativa inherente ao feminismo da época.

A principios de 1990, o movemento feminista abordou tamén a situación específica do colectivo de transexuais e profundou nas particularidades da relación entre o sexo biolóxico e a identidade, así como da fluidez das identidades. O recoñecemento da homosexualidade, lésbica ou gai, fixera patente que a orientación sexual non está determinada pola identidade de xénero; pero tampouco a morfoloxía corporal determina a identidade xenérica nin a orientación sexual. O corpo, entendido como corpo sexuado, non deixa de ser unha construción cultural, o mesmo que os desexos e as identidades. As reflexións sobre o corpo, o sexo e o desexo contribuíron a facer máis complexa a relación xa problemática entre a diversidade humana e a identidade feminina.



O pensamento feminista recorrera aos instrumentos teóricos máis prestixiosos para desenvolver unha teoría forte capaz de explicar a opresión e discriminación das mulleres e de propoñer unha estratexia adecuada aos seus fins

O movemento feminista reivindicara con firmeza o dereito das mulleres a gozar libremente da súa sexualidade, pero pronto comezou a ver o sexo tamén como unha fonte de opresión e de sometemento das mulleres e un campo privilexiado para a expresión do dominio e a violencia masculina. Reivindicouse o dereito das mulleres a unha vida libre e segura e denunciouse a pasividade, cando non a complicidade da sociedade ante as violacións e agresións sexuais. O movemento feminista centrouse, entón, en actividades e discusións relacionadas coas agresións sexuais. Ademais da reforma do Código Penal, reivindicábanse outras medidas sociais como a creación de centros de acollida, organización de cursos de autodefensa, atención psicolóxica para as mulleres agredidas. O obxectivo era que as agresións sexuais se considerasen delito público, que sufrisen o rexeitamento e a condena social.

Penetran entón no movemento as posicións do feminismo cultural. Unha das ideas centrais desta corrente é a consideración de que a opresión das mulleres se basea na opresión no campo da sexualidade: os homes tratan de manter o seu poder e o seu control sobre as mulleres exercendo a violencia sexual. A identidade masculina e a feminina constrúense en torno á diferente forma de sentir e practicar a sexualidade: a sexualidade masculina é xenital,



agresiva, violenta, e a feminina, suave, difusa, sensual, non xenital. A heterossexualidade non é unha preferencia sexual das mulleres, senón unha relación de dominación onde as mulleres só poden ser vítimas. As discrepancias con esta visión da sexualidade fixéronse evidentes desde os primeiros debates. Moitas feministas non crían que se puidese establecer unha sexualidade mellor ou máis feminista que outra; si criticaban a norma heterosexual, facían polo que tiña de norma, pero non polas características da relación sexual en si mesma e tampouco aceptaban esa distinción maniquea entre sexualidade masculina e feminina. Contrarias a todo intento de normatizar a vida privada, defendían o dereito das mulleres a escoller e practicar as súas preferencias sexuais. Os debates sobre sexualidade contribuíron a polarizar as posicións no movemento feminista outrora unitario e acentuaron a división que xa se iniciou nas Xornadas de Granada. Esta ruptura acentuaríase nos anos seguintes en torno aos debates sobre prostitución.

Na década dos noventa, o feminismo estaba experimentando profundas modificacións: o movemento unitario perdera o seu empuxe, as organizacións víanse moi mermadas, a actividade institucional absorbera gran parte dos efectivos feministas e as organizacións unitarias convivían con diversas orga-

nizacións especializadas, xeralmente de carácter asistencial, dedicadas a encarar problemas concretos. En realidade, o movemento non facía máis que dar testemuño da diversidade das mulleres e da variedade das súas necesidades.

O pensamento feminista recorrera aos instrumentos teóricos máis prestixiosos para desenvolver unha teoría forte capaz de explicar a opresión e discriminación das mulleres e de propoñer unha estratexia adecuada aos seus fins. Estes instrumentos foron o marxismo, a psicanálise, o pensamento ilustrado e as diversas críticas postestructuralistas. Forxou neste empeño unha identidade feminina, un concepto de muller que aos poucos foi diluíndose, creou un movemento relativamente unificado e bastante influínte que aos poucos foi atomizándose e desmobilizándose e suscitou toda unha batería de reivindicacións que formaron parte das plataformas non só do movemento feminista, senón tamén dos principais partidos e grupos de presión política e social, e, sobre todo, xerou nas mulleres unhas expectativas de xustiza, de liberdade e de igualdade que sobreviviron á crise da teoría e á fragmentación e debilitación do movemento.

O cambio experimentado polas mulleres no noso país, desde que o movemento feminista inicia a súa andadura, é de xeito evidente moi relevante. Con todo, malia os avances, as mulleres atopámonos co que se deu en chamar *o teito de cristal* e os datos son teimudos. A discriminación salarial segue sendo acusada, o acceso aos postos de maior responsabilidade é moi arduo para as mulleres. O traballo doméstico, o coitado dos fillos e a atención ás persoas dependentes recaen maioritariamente sobre as mulleres. Sobre educación sexual e dereito ao aborto hai moito que avanzar. En resumo, quedan reivindicacións decisivas que aínda é preciso abordar con decisión. ■



Porta aberta a

HANNAH ARENDT

IDOIA ELFRÜM

Afortunadamente para o mundo da ciencia, no país natal de Hannah Arendt, Hannover, a educación feminina era equivalente á dos homes, permitindo que se adentrara nun mundo intelectual xa desde moi nova. Unha Hannah adolescente posuidora dunha necesidade urxente e constante para entendelo todo, achegábase á rica biblioteca familiar na procura de títulos como a *Crítica da razón pura* de Kant ou *Psicología das concepcións do mundo* de Jaspers. Quizais fosen estas lecturas previas as que a levasen de maneira decidida, case feroz, ao estudo da filosofía: «Para min, a cuestión enfocábase máis ben da seguinte maneira: podo estudar Filosofía ou podo tirarme a un río». Tamén se inscribiu en Teoloxía, unha materia que atopaba fortemente enlazada coa Filosofía. A terceira opción foi o Grego, debido ao seu amor pola poesía clásica. Na Universidade de Marburg foi alumna de Martin Heidegger e Nikolai Harttman.

Karl Jaspers foi o seu director de tese, titulada «O concepto de amor en Santo Agostiño».

Ademais dun círculo de amigos brillantes intelectualmente e á vangarda do pensamento da filosofía e da estética, Arendt coñeceu naquel momento a Kurt Blumenfeld, para quen traballou escribindo sobre a cuestión xudía e a asimilación cultural. Isto sería outro máis dos seus grandes temas de estudo.

«O mundo no que nacen os homes contén unha infinidade de cousas, tanto naturais como artificiais, pasaxeiras e eternas, que teñen a común particularidade de posuír unha aparencia, o que quere dicir que están destinadas a ser vistas, oídas, degustadas, tocadas e ulidas por criaturas sensíbeis provistas de órganos propios de percepción», escribía Hannah Arendt.

Un profesor de Filosofía comentou que era este *A vida e o espírito*, un dos máis bonitos principios de todos os libros de filosofía. Neste curto parágrafo unha serie de palabras permite ver como se tece o pensamento de Hannah Arendt. Se o tempo se puidese medir en libros, o espazo dun foi o único que puido distraer a Arendt da súa particular ocupación (a teoría política), no que se aventurou en lides filosóficas concentrándose en conceptos como o pensamento, que significa pensar, como pensamos, como percibimos.

Nós, como seres humanos, posicónámonos nun mundo feito para ser percibido; por unha parte establecemos un nexco co mundo abstracto a través do intelecto e do entendemento puros e pola outra un nexco físico a través dos sentidos.

Como percibimos o mundo, como pensamos, como podemos estar diante del e tratar de comprendelo, son problemas que ocupan os filósofos de todos os tempos. Arendt, quen non se

consideraba filósofa, explica que esta abrupta necesidade por escribir sobre «o pensar» parte do seu asombro ante as respostas de Eichmann no seu xuízo en Xerusalén. Respostas estereotipadas, denunciaban no acusado unha falta de reflexión, xa que o estereotipo expresa unha idea condensada, pero non formulada por quen a repite. Manifestábase xa que logo as ausencias, ausencias de intelixencia, de vontade, de crenza, de reflexión, de maldade... É entón que Arendt se cuestiona por primeira vez o concepto da «banalidade do mal». Como é posíbel que un dos horrores históricos máis cruentos da humanidade respondesen ás accións de personaxes como Eichmann?

Ela rexeitaba o concepto de «filosofía política» para a súa obra, porque consideraba que ningún filósofo se posicionaba de xeito neutral fronte á política, e ela non quería que o pensamento filosófico fose diluído no seu traballo corrompéndoo. Pero sempre foi consciente da súa singularidade como xudía e como muller, xa que todas as súas conxecturas e hipóteses eran froito das súas singulares condicións.

«A ausencia de pensamento non significa estupidez; pode atoparse en persoas moi intelixentes, e non provén dun mal corazón; probablemente sexa ao contrario, que a maldade sexa causada pola ausencia de pensamento». ■

de ma



En xaneiro de 1935 constitúese **A Reivindicadora**, sociedade de atadeiras e conserveiras de Cangas, afiliada á UXT. A súa presidenta, Olivia Calvar. As atadeiras traballaban até 13 horas/día con soldos moi baixos, cando no sur traballaban 8 horas e cobraban máis

Josefa Gómez Mera, unha das presidentas da sociedade de cargadoras e descargadoras do peirao de Ferrol, La Unión Femenina, foi fusilada en 1936 por chamar ao traballo de carboneo do acoirazado España a obreiras pertencentes a organizacións marxistas

res mulleres

Dossier **mares de mulleres**

[1ª parte]

M.ª Carme Vázquez é a patroa maior da Confraría de Lourizán, unha das poucas confrarías rexidas por mulleres. A presenza e o peso delas á hora de traballar é maior que á hora de dirixir o sector. En Lourizán, por exemplo, son o 60 %. No mar, di esta patroa, seguen mandando os homes

Das 62 confrarías existentes hoxe en Galicia, só sete están dirixidas por mulleres, un 11,29 %

A primeira folga importante de mulleres en Vigo en 1931

nos nados mortos, 17.000/ano, mortandade antes dos seis anos, 190.000/ano.

3. Mellorar as relacións laborais e industriais e reducir o encono das relacións entre capital e traballo «por falta de leis que garantan os dereitos do traballador» para o que se precisa a intervención da Seguridade Social e dos poderes públicos.

As contribucións ao seguro establecese así:

- a) O Estado aporta 100 pts./parto
- b) O patrono 1,90 pts./trimestre
- c) A obreira 1,85 pts./trimestre

A cobertura do seguro: servizo médico de matroa e farmacéutico; clínicas de maternidade que se vaian creando; premio de lactancia para as nais que amamanten aos propios fillos; 15 pts./semana ata 12 semanas (segundo antigüidade) asegurando o Estado un mínimo de 6 semanas no período de implantación.

O pago deste seguro crea unha vaga de descontento entre as traballadoras das fábricas conserveiras, sinaladamente de influenza anarquista, en Vigo e bisbarra e posteriormente por todo o litoral.

En Vigo prodúcense folgas desde o 22 de decembro de 1931 até o 11 de xaneiro de 1932.

A protesta busca resolver un pago axeitado ao traballo discontinuo das conserveiras.

A cotización é indivisible por trimestre. O patrono debe poñer a súa parte por trimestre (1,9), adiantar a parte da obreira (1,8) e posteriormente vai deducindo á obreira 0,15 pts./semana. As semanas que non haxa traballo dentro do trimestre hai que pagar o seguro tamén e o desconto pode ser alto nas poucas semanas que moitas mulleres traballaban efectivamente por uns salarios xa en por eles ruíns.

O comité de folga ve con bos ollos a creación dun subsidio máis amplo que o exclusivamente maternal e que englobe todas as enfermidades propias do oficio, sinaladamente as contraídas polas estañadoras e as soldadoras ao respirar os vapores do ácido clorhídrico usados nestas operacións de estañar e soldar.

Solicitan ao goberno que a cota do subsidio de maternidade sexa voluntaria ou que se extenda a todas as enfermidades.

As traballadoras de Vigo concéntranse na fábrica de Alonso. A garda civil dubida intervir. O alcalde de Vigo manda os bombeiros para dispersalas a remollóns.

A folga gaña participantes e o empresariado non consegue mulleres de substitución, polo que prefire mediar entre a Administración e as traballadoras, ofrecéndose mesmo a acompañar unha comisión de mulleres a Madrid.

O deputado socialista Arbones acusa os fabricantes de azucar a folga polo seu desacordo co pago do seguro. José Curbera e Enrique Fadrique, presidentes da Unión de Fabricantes de Conservas de Galicia e da Cámara de Comercio respectivamente, protestan desta interpretación.

López Varela e Suárez Picallo xestionan a cuestión nas Cortes. Mentres o Deputado por Oviedo e membro do INP, Manuel Gil Montoro, dá varias conferencias –moi interesantes– de difusión do Seguro Obrigatorio de Maternidade en Vigo, Cangas e outros lugares nos comezos de xaneiro de 1932.

A Unión de Traballadoras de Conserva da Ría de Vigo celebra unha reunión o 9 de xaneiro e acorda asistir provisionalmente ao traballo, conforme a unhas bases de traballo sobre a cuestión. ■

ISAURA GRAÑA

Na lexislación social da segunda República, o Ministerio de Traballo decide instituír o seguro de maternidade que entra en vigor con carácter obrigatorio o 1 de outubro de 1931.

A xustificación:

1. Recoñecido o dereito das nais ao descanso post-parto desde finais do XIX non se tiña, sen embargo, dereito á percepción económica.

2. Traballar para reducir a elevada mortandade das nais, 3300/ano, de ne-

A Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao

<http://www.redeirasdegalicia.org/>

LGL

O das redeiras ou atadoras é un oficio desempeñado por mulleres; precisamente por iso, pola feminización do colectivo, non se recoñecía como tal oficio, malia a súa complexidade. Non

forman parte das confrarías. As experimentadas ensinan ás mozas nos peiraos; nalgunhas poboacións recentemente foron asignándolles naves para o seu uso, de xeito que cando menos





Este labor precisa cinco anos de coñecementos e práctica para poder dominalo, implica saber de pesca, coñecer as redes, a súa caída, as artes, os tipos de captura...

queden ao abrigo con climatoloxía adversa. Este labor precisa cinco anos de coñecementos e práctica para poder dominalo, implica saber de pesca, coñecer as redes, a súa caída, as artes, os tipos de captura... e desenvolver habilidade. Existen dúas especializacións: de aparellos do cerco e de aparellos de artes menores. Porén, cobran aínda menos que unha empregada do fogar ou un xornaleiro: 5,50 € a hora, no mellor dos casos. Pero, por suposto, hai quen considera que é moito e paga ás ilegais, sobre todo ás de artes menores, entre 2 e 3 € a hora!

A Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao constituíuse no ano 2004, integra 12 asociacións de toda Galicia e á maioría das redeiras profesionais que exercen a súa actividade legalmente. Estímase que en situación legal hai unhas catrocentas e que arredor doutras mil non constan en ningún rexistro nin están dadas de alta na Seguridade Social.

Segundo indica Geli Martínez, a súa presidenta, a federación «naceu como consecuencia do traballo realizado

por Pencha Santasmarinas, que percorreu todos os portos de Galicia para conseguir que nos asociásemos e uníssemos coa intención de loitar xuntas por un fin común: a nosa dignificación laboral».

Continuou co proceso o goberno bipartito a través da Secretaría Xeral de Igualdade, en mans de Carme Adán, que impulsou o programa Arlinga. Este programa promovía a visibilización das redeiras, as axudas individuais, a formación e a creación dunha cooperativa de servizos para negociar colectivamente prezos e condicións do produto.

A cooperativa chegou a crearse funcionando con éxito, mais as tendas de efectos navais, que son as que máis traballo subministran ás ilegais, baixaron os prezos e a cooperativa quedou parada.

Teñen por diante a materialización do seu empeño de que o oficio conte cunha titulación, permitindo que quen realizase a actividade vexa recoñecida a súa experiencia laboral, así como acabar co intrusismo e os intermediarios para regular a profesión. ■



Proceso de profesionalización das mariscadoras galegas

PENCHA SANTASMARINAS

Antes de empezar a falar do proceso de cambio das mariscadoras galegas temos que comezar facendo unha análise de cal era a situación de partida. Cales eran as características do colectivo de mariscadoras e cal era a problemática na que se atopaban inmersas.

Características das mariscadoras:

- ▶ O seu perfil era o dunha muller cun nivel cultural medio baixo. Socialmente a imaxe do colectivo era a dun sector conflitivo, ás veces con violentos enfrontamentos, ou cando menos iso era o único que reflectían os medios de comunicación. O acentuado localismo era o que provocaba estes enfrontamentos. A falta de formación e concienciación facía que elas mesmas foran as principais depredadoras do recurso.
- ▶ Non tiñan ningunha cultura de investimentos. A frase máis repetida por elas era *o mar é de todos*, e xa se sabe, o que é de todos non o coida ninguén. Isto facíaas totalmente dependentes da Administración.
- ▶ Consideraban que era a Consellería de Pesca a que tiña que resolver todos os seus problemas. Sobre todo repoboar as praias e vixialas para que todas as seguisen esquilmando. Elas non asumían ningunha responsabilidade no proceso produtivo do marisqueo.
- ▶ Consideraban o marisqueo como unha actividade marxinal, que lles permitía ter uns ingresos mínimos que compatibilizaban, a maioría, con outras profesións, sen pretender case nin soñar que poderían chegar a ter un salario digno, cando menos o salario mínimo interprofesional; e moito menos que o marisqueo puidese ser considerado como unha profesión.
- ▶ Tiñan nula visión comercial, vendían moitas por fóra da lonxa, co que se facían a competencia entre elas mesmas. Estaban a mercé dos compradores.
- ▶ Non tiñan representación nos órganos de dirección das confrarías de pescadores, polo tanto ningunha capacidade de decisión sobre a produción do marisco que fose en beneficio da súa mellora económica.

Problemática

A problemática era unha consecuencia da situación na que se atopaban as mariscadoras. A falta de organización facía que o furtivismo, tanto interno como externo, acabara con todo.

Collían marisco sen ter o tamaño comercial mínimo, co que estaban impedindo a súa reprodución, de tal maneira que as praias estaban esquilgadas. Isto facía que a Administración se vise obrigada a establecer uns períodos de veda na época de reprodución para preservar o recurso.

As mariscadoras non tiñan ningunha capacidade de decisión na fase de comercialización do seu produto. Nas propias lonxas vendíase marisco que non acadaba o tamaño mínimo legal esixido pola lexislación vixente naquel momento.

O excesivo número de mariscadoras era un atranco para facer rendible o marisqueo. Sobraba moita xente. Se se quería profesionalidade había que reducir o número de mariscadoras que, daquela, andaba polas 12.000 (a maioría das cales, nun 80 %, non estaban dadas de alta na Seguridade Social –ISM– e o salario que acadaban nese intre era unha media de 1200 €/ano).

E por riba de todo era un colectivo de mulleres, nese momento acadaban un 95 %, *casualmente* como tódolos colectivos formados por mulleres eran condenados á marxinación. Esta realidade expresouna moi claramente un patrón maior dunha confraría cando dixo, «Mentres eu sexa patrón maior non consinto que unha muller sente no cabido», e como quen falaba coa Administración eran os patróns maiores das confrarías como representantes do sector, nunca tiñan tempo para falar da problemática do marisqueo a pé, porque había cousas máis importantes das que falar, simplemente as mariscadoras eran invisibles.



Cal foi o motor do cambio? Para que un proceso se poña en marcha cómpre unha serie de axentes que sexan os promotores dese cambio. Hai unha frase que a min me gusta moito e que aquí vén ó caso: «nada sucede se alguén non ten capacidade de soñalo». Se o soño ten a suficiente intensidade dánse as circunstancias para que se faga realidade.

Un fato de mariscadoras puxéronse a soñar xuntas e déronse unha serie de coincidencias para que o seu soño se fixese realidade:

1. A xefa de sección do Servizo de Extensión Pesqueira era unha muller con experiencia no traballo de campo, en organizacións con mulleres e sensible ao tema da discriminación laboral da muller por razón de xénero.

O obxectivo principal deste encontro é o intercambio de experiencias. É neste foro onde por primeira vez as mariscadoras de distintas confrarías teñen a oportunidade de coñecerse entre si [...]

2. A directora xeral de Formación e Investigación da Consellería de Pesca era muller.

3. A Xefa de Servizo de Marisqueo era muller.

4. As mariscadoras eran mulleres. Este factor contribuíu a crear unha relación que non se tería establecido de seren homes os xestores.

5. A convocatoria de novas prazas de Axentes de Extensión Pesqueira, persoal imprescindible neste proceso de cambio, xa que unha das súas funcións é lograr unha efectiva participación da poboación coa que traballa utilizando a metodoloxía apropiada con miras a unha eficaz participación no proceso de cambio.

6. A actitude da Consellería de Pesca, que a través do Plan Galicia (programa de desenvolvemento profesional e organizativo do marisqueo), apostou por transformar o existente, sendo neste caso un exemplo de actuación eficaz da Administración pública nunha cuestión tan importante como a da igualdade de xénero.

Todas estas actuacións constituíron as bases da pretendida ordenación e profesionalización do marisqueo a pé en Galicia, no que as mariscadoras pasaron de simples colleiteiras a cultivadoras. Isto implicaba un cambio de mentalidade, pero tamén esixía elevar

o seu nivel formativo e mellorar as súas estruturas tecnolóxicas, produtivas e organizativas.

Facendo camiño

Entre 1993-1995 percorremos todas as confrarías onde hai marisqueo a pé falando coas mariscadoras para saber da súa problemática, para ver cal é a súa situación de partida, deixando claro que elas teñen que ser as protagonistas de calquera cambio que se queira facer.

I Encontro de mariscadoras, 1995, Vilagarcía de Arousa

Participan un total de 64 mariscadoras de 32 confrarías. Por primeira vez a Administración dialoga directamente coas mariscadoras, xa que en lugar de asistir os patróns maiores, como era habitual, convócase ás mariscadoras.

O obxectivo principal deste encontro é o intercambio de experiencias. É neste foro onde por primeira vez as mariscadoras de distintas confrarías teñen a oportunidade de coñecerse entre si, intercambiar experiencias e facer unha análise conxunta da súa problemática.

Este primeiro encontro é o punto de inflexión nun antes e un despois do marisqueo a pé en Galicia. As conclusións do mesmo son:



1. Séntense excluídas das confrarías, non só non lles deixan participar nos órganos de dirección, senón que ademais nalgunhas non se admiten mulleres como socias.

2. Existen problemas de entendemento entre as propias mariscadoras. Unhas queren apostar polo marisqueo como unha profesión e outras non, queren que as cousas sigan como ata ese momento.

3. Botan en falta un regulamento que as axude na súa organización.

4. Denuncian a falta dunha política global coherente de cara ao uso do litoral. Non se fai un control de verquidos dalgunhas industrias ou desaugadoiros que nalgunhas zonas matan o marisco.

5. Piden á Administración ter acceso a créditos brandos ou mecanismos de financiamento para facer os investimentos que consideren necesarios para a recuperación das praias: compra de semente, labores de limpeza, etc. Para que volvan a ser rendibles.

6. Amosan preocupación polo pago das cotas da Seguridade Social do mar como requisito necesario para a profesionalización.

7. Necesidade de formación, tanto desde o punto de vista técnico (coitado e cultivo de moluscos bivalvos) como lexislativo e organizativo.

Despois do primeiro encontro e grazas a un proxecto europeo NOW (Novas Oportunidades para as Mulleres)ponse en marcha un plan de formación específico e adaptado á súa problemática co que se pretenden acadar os seguintes obxectivos:

- A formación como ferramenta útil a curto e medio prazo. Información para as habilidades sociais.
- Capacitación técnica para introducir o cambio, pasar de ser simplemente colleiteira a facer semicultivo e autoxestión de recursos.
- Formación e capacitación organizativa e intercooperación.
- Criterios de cualidade comercial.

Déronse un total de:

▶ 124 Cursos Básicos de Formación, nos que participaron un total de 1747 mariscadoras.

▶ 12 Cursos de Formación de directivas.

▶ 16 Xornadas de Intercooperación.

Plan Galicia

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, ao longo do ano 1996, puxo en marcha un proxecto para a profesionalización do marisqueo coñecido como Plan Galicia. Este plan pretendía unha transformación do sector, fixándose dous obxectivos fundamentais: a conversión do marisqueo a pé nunha actividade profesional e a autonomía financeira técnica e de xestión das entidades asociativas das mariscadoras.

Agrupacións de Mariscadoras

Parte do éxito da formación debeuse á vinculación co Plan Galicia, pois fixo que as mariscadoras viran a finalidade práctica do aprendido nos cursos.

Outro logro interesante do Plan Galicia foi que dentro da propia consellería as dúas direccións xerais que tiñan unha actuación directa sobre o sector como era a D. X. de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro e a D. X. de Recursos Mariños empezaron a actuar coordinadamente nas accións dirixidas ao sector a través dos seus técnicos: axentes de extensión pesqueira e biólogos da zona, ademais de asistencias técnicas das confrarías e dos investigadores.

O orzamento do Plan Galicia (1996-2000) foi de 11.141.116 €.

II Encontro de mariscadoras, 1997, Viveiro, Lugo

No ano 1997 fíxose o II Encontro. Despois dun período de formación de dous anos e de aprender a facer semicultivo de ameixa a través do Plan Galicia, empezouse a notar o cambio de mentalidade. *O mar xa non é de todos, senón de quen o traballa.*

Empezaron a pensar na súa actividade como futuras profesionais.

Valoraron o que lles supuxo a formación e a información. A demanda que fixeron de máis cursos púxoo en evidencia.

Tiñan clara a necesidade de organización. A demanda dun regulamento para constituír a agrupación de mariscadoras foi unánime.

Nas confrarías, ante as actuacións das mariscadoras, a súa profesionalidade e os resultados que estaban vendo, houbo un cambio de actitude, nalgunhas confrarías empezaron a ter representación no cabido.

III Encontro de mariscadoras, 1998, Sada

Os obxectivos deste encontro eran:

1. Asentar na conciencia das participantes o que o seu esforzo lles permitiu alcanzar.

2. Que fixesen unha valoración dos logros acadados neses tres anos de cambio.

3. Ter un debate sobre determinados temas que estaban afectando ao desenvolvemento do marisqueo e que elas mesmas tiñan detectado nas súas reunións periódicas cos axentes de extensión:

- ▶ Estratexias de comercialización.
- ▶ Plan de explotación. A súa implicación na planificación da actividade, que ata ese momento lles estaba vedada.
- ▶ Como conseguir a erradicación do furtivismo.
- ▶ A importancia da organización.
- ▶ O acceso a e a regulación do PERMEX (permiso de explotación do marisqueo).
- ▶ A calidade do medio ambiente.
- ▶ Propoñer os novos obxectivos para os vindeiros anos.

Valoración dos logros: O que máis valoraron foi a formación, aprender a cultivar e a organización, para facer as limpeza das praias, rareos para que o marisco puidese medrar, e vixilancia polas propias mariscadoras as 24 horas do día, así como os puntos de control

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, ao longo do ano 1996, puxo en marcha un proxecto para a profesionalización do marisqueo coñecido como Plan Galicia



na praia, para supervisar os topes de captura e tamaños mínimos.

O que supuxo todo este proceso foi:

- ▶ Diminución do furtivismo.
- ▶ Aumento da produción e en consecuencia aumento das rendas das mariscadoras.
- ▶ Empezar a fixar un prezo mínimo para a venda.
- ▶ O cambio de mentalidade que supuxo pasar de colleiteira a cultivadora.
- ▶ Conseguir representación nos órganos de goberno das confrarías.
- ▶ Empezar a constituír as agrupacións de mariscadoras.
- ▶ Máis unidade entre as propias mariscadoras.

Neste encontro marcáronse os seguintes obxectivos:

- ▶ Aumento dos ingresos ata acadar un salario digno, cando menos o salario mínimo interprofesional.
- ▶ A obrigatoriedade de estar dada de alta no ISM sendo titular do Permiso de Explotación como calquera outra traballadora para garantir os dereitos que supón.
- ▶ Erradicación total do furtivismo. A experiencia ata ese momento facía pensar que era posible.

▶ Empezar a traballar conxuntamente de cara a conseguir a denominación de orixe para a ameixa fina.

▶ Ofrecer programas de formación continua para as mariscadoras.

Nese momento había 32 agrupacións e asociacións de mariscadoras legalmente constituídas, das que 29 se integraron na asemblea constitutiva de AREAL.

Desde o meu punto de vista os logros máis destacados neste proceso foron:

- ▶ Que entendesen que a organización é a peza fundamental para calquera transformación.
- ▶ Facer do marisqueo a pé unha profesión. Hoxe nalgúnhas agrupacións roldan os 12.000 € anuais.
- ▶ Facerse visibles. Un colectivo de mulleres chegou a ser modelo organizativo para outros sectores dentro das confrarías. Antes non existían as mariscadoras, só había mariscadores.
- ▶ Recuperar a súa autoestima.
- ▶ Representación nos órganos de goberno das confrarías.
- ▶ Hoxe por primeira vez na historia do mundo do mar as mulleres teñen voz, son escoitadas.
- ▶ Recuperar a individualidade. ■

Xunta de Galicia: Titulares da Consellería de Pesca

Gerardo Fernández Albor (1985-1987)

Xosé Manuel Páramo Neira

Fernando González Laxe (1987-1989)

Xosé Henrique Rodríguez Peña

Manuel Fraga Iribarne (1989-1993)

Enrique López Veiga, período de maior actividade regulativa na pesca e no marisqueo (Lei 6/93) (1993-1997)

Juan Caamaño Cebreiro (1997-2001)

Amancio Landín Jaráiz (2001-2004)

Enrique López Veiga

Emilio Pérez Touriño (2005-2009)

Carme Gallego Calvar

Alberto Núñez Feijoo (2009-)

Rosa Quintana Carballo

Entrevista

Pencha Santasmarinas

LAURA GÓMEZ LORENZO
E NANINA SANTOS CASTROVIEJO

O nome de Pencha Santasmarinas (funcionaria recentemente xubilada da Xunta de Galicia) vai unido ao proceso de profesionalización das mariscadoras galegas a mediados dos noventa. Sendo ela xefa da sección do Servizo de Extensión Pesqueira tivo a visión de conxunto da actividade do marisqueo a pé –desenvolvido daquela nun 95 % por mulleres no noso litoral–, poñendo o seu traballo, a súa intelixencia e a súa enerxía ao servizo deste colectivo, de xeito que chegasen a facer desta ocupación unha profesión da que vivir con dignidade. Falamos con Pencha, en amena e distendida conversa, das súas lembranzas dese proceso, o máis fermoso que profesionalmente lle podía acontecer, segundo comenta; da situación de desinformación sobre os seus dereitos na que se atopaban as mariscadoras e da necesidade dunha formación práctica axeitada ás súas necesidades para obter o permiso de marisqueo (PERMEX). Malia que a Administración estaba poñendo xa dende anos antes os medios para facer deste un sector profesional, o ano 1995, en que se celebrou o I Encontro de Mulleres Mariscadoras, en Vilagarcía, marcou un punto de inflexión. A sensibilidade e unión de tres mulleres traballando conxuntamente dende a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura foi o motor deste proceso: a directora xeral de Formación, Ana Gallego, a xefa do Servizo de Marisqueo, Rosa Quintana, e a xefa da sección do Servizo de Extensión Pesqueira, a propia Pencha.



A: Pencha, antes de pasar á Consellería de Pesca ti estiveches na de Agricultura, en Extensión Agraria, que significa iso de extensión?

PS: Extensión é procurar, no caso dos agricultores, que empreguen os seus recursos para, a través deles, teren unha maior calidade de vida. Funcionaba da seguinte forma, nunha comarca púñase unha axencia de extensión na que había unha persoa facendo o traballo de auxiliar administrativo e un ou unha axente de extensión, para os cursiños, charlas, traballo coa mocidade... Aos axentes preparábons para saber como se daba unha charla, como se facía unha demostración, unha visita á finca, unha visita ao fogar, dinámica de grupos, cooperación (para que fixesen cooperativas), desenvolvemento comunitario (para facer camiños, traídas de augas, cuartos de baño...). Explicábons técnicas de como facer un invernadoiro, por exemplo. Había unhas axudas, que eran moi cativas, pero realmente funcionaban como incentivos, daba para os materiais, pero os camiños realmente facíanos eles. Creáronse líderes rurais e moitas cooperativas. Eu sentía que iso realmente era o que valía a pena.

Non tiñamos horario, por primeira vez na Administración se nos transmitía que tiñamos que estar ao servizo da xente para a que traballabamos. Era un traballo de campo fundamentalmente. Había que facer un estudo da comarca, de onde se partía e que posibilidades tiña. Cada ano facíase un plan de traballo, marcando uns obxectivos. Isto é fundamental para non perderse no papelame.

Eu tiña esa aprendizaxe, co cal é máis doado organizar, e cando as asociacións xa están afianzadas, resulta máis sinxelo desde fóra pensar no que poden acadar.

A: Entón extensión pesqueira sería semellante a extensión agraria?

PS: Si, eu desenvolvín en Pesca o que aprendín en Agricultura. De feito cos novos axentes de extensión pesqueira insistín no plan de traballo como algo prioritario. A min ninguén me condicionou a dicir ou facer algo que eu non quixese, en toda a etapa do PP, nada, xamais. Tamén tiña claro que o día que me condicionasen, o servizo quedáballes alí.

O traballo de extensión, se se é unha persoa a quen lle gusta o traballo de campo e facer algo polos demais, é un traballo que engancha.

A: Que lembranzas tes deses comezos de formación e organización das mariscadoras?

PS: Cando fun para Extensión Pesqueira, comecei a ir polas confrarías e a falar coas mariscadoras, para preguntarlles que problemas tiñan e ver como se lles

podía axudar. Tiñan sonda de ser un colectivo moi conflitivo. O panorama que atopei entre as mariscadoras era desolador, acababan co recurso, non comercializaban axeitadamente o produto, tiñan unha formación moi pouco axeitada para as súas necesidades, descoñecían os seus dereitos e obrigas, así como o funcionamento das confrarías e que estas tiñan un plan de explotación, moitas eran socias das confrarías pero non as deixaban votar; non estaban organizadas, o número de agrupacións de mariscadoras era simbólico. Pero era a primeira vez que sentían un achegamento real por parte da Administración e iso foi determinante. Empezaron a contarme que non lles deixaban facer isto nin o outro e estaban privadas deses dereitos simplemente por seren mulleres. Así que falei con Lino [Lema], que era o meu xefe, con Rosa [Quintana], e pensamos en organizar o I Encontro de Mariscadoras, para que elas se xuntasen, compartisen experiencias e aprendesen unhas das outras. O gracioso foi que querían vir os patróns maiores das confrarías e tivemos que plantarnos e dicir que só era para as mariscadoras.

Este primeiro encontro constituíu todo un éxito. A demanda de formación e información era xeneralizada. A consellería deseñou o Plan Galicia e ademais podíamos poñer en marcha un programa europeo NOW para a formación de mulleres desenvolvendo unha formación

O traballo de extensión, se se é unha persoa a quen lle gusta o traballo de campo e facer algo polos demais, é un traballo que engancha

axeitada ás necesidades delas. Fomos facendo cursos de marisqueo por toda a costa, a única poboación que se negaba era Cambados. Puxemos uns cartelóns anunciando o curso, pero non viña ninguén. Finalmente algunhas, ao escoitaren as doutros lugares falaren do curso, tamén querían, pero non querían vir abertamente, así que fixemos un curso case clandestino. Aquelas primeiras vinte que viñeron quedaron encantadas e xa se atreveron a dicirlles ás outras na praia que o fixesen, que estaba moi ben, e xa pasaron practicamente todas por el. Hoxe Cambados é dos sitios mellor organizados. Os cursos foron un éxito, non se daba abasto, pasaron por eles case dúas mil mulleres.

Despois empezaron coa organización nas agrupacións de mariscadoras. Coincidíame ademais que xusto nese momento acababan de aprobar a oposición os novos axentes de extensión, así que collinos *virxes* da miña

man. Entón xa lles indiquei que fosen polos cursos, que visen que lles estaban dando, que demandaban, que dicían, que fosen axudar as agrupacións de mariscadoras para resolverlles as dúbidas, que estaban empezando e non sabían. Fixemos un equipo fantástico!

Nós apostamos por que fose un sector profesional que puidese vivir do marisqueo, pero había xente que ía ás campañas, que tiña outro traballo e non quería, porque sabía que se se profesionalizaba tiña que escoller, non podía estar dada de alta na Seguridade Social nun lado e no outro. Así que era fundamental que se organizasen, que tivesen unha directiva. Fixérono e comezaron a redactar os seus regulamentos. Cada vez que se ía á praia, tiñan todas que pasar por un punto de control, toda a ameixa que non daba a talla ou todo o tope que se superaba, por exemplo tres quilos por mariscadora, se deixaba alí. Ao principio escondíanas, había rexistros... Empezaron a facer vixilancia as 24 horas do día para evitar o furtivismo. Elas eran as primeiras, os de fóra eran os máis fáciles de controlar, *para o ladrón da casa non hai chave*, elas sabían por onde *escaquear* e as furtivas foron despois das mellores directivas, fenomenais.

Facían o semicultivo, a Xunta deulle os pochóns e a semente, limpaban as ameixas de algas, cambiábanas de sacos a medida que ían medrando, despois tiñan que sementala na praia e engordala. Para facer este tipo de traballo tamén tiñan que ter organización.

Cando xa había organización foi cando eu empecei a decatarme de quen era Mucha [Carme Gallego]. Cando xa había con quen falar foi cando ela montou AGAMAR (Asociación Galega de Mariscadoras/es), unha especie de sindicato de mariscadoras (antes de AREAL, Asociación de Profesionais do Marisqueo a Pé en Galicia). Eu pensei, «se o fai ben, para elas é bo». Empezou a percorrer as confrarías e facer algunhas actividades. Quen se afiliaron de entrada? De cada lugar as que non querían ningún tipo de organización. A partir de aí déronlle *cancha* para ir nas listas do PSOE e ser deputada. Dicialles as afiliadas que elas non tiñan ningunha obriga de vixiar, que para iso estaba a consellería, que tamén se lles pasaba algo ata se podían meter nunha lea. A capacidade do mar para rexenerarse é impresionante, vin zonas totalmente esquilgadas que aos dous anos estaban en plena produción. Era tan rápido que as que se decataban deseguida se apuntaban ao cambio. Dicianme estas, «as de AGAMAR non queren vixiar, imos a traballar nós

Eu tiña esa aprendizaxe, co cal é máis doado organizar, e cando as asociacións xa están afianzadas, resulta máis sinxelo desde fóra pensar no que poden acadar



para elas? Porque cando veñen á praia elas recollen igual ca nós». Había unhas liortas nas agrupacións! Igual cando foi o de pagar á Seguridade Social, eu vin que estaban afiliadas un 10 %. Aí xa estaba Rosa [Quintana] de directora xeral. Segundo a lexislación tiñan que estar afiliadas, pero quen se enfrontaba ás mariscadoras, como eran tan *followeras...*, facían a vista gorda! Pero eu díxenlle a Rosa, «elas non son conscientes de ao que están renunciando, temos que dicirlles que as obriga a Comunidade Económica Europea e tal». Así que nun dos encontros dixémoslles que tramitasen con Igualdade unha subvención, un aliciente, pero que en dous anos todas tiñan que estar afiliadas á Seguridade Social. «Non podemos, e que ti falas moito, pero todo sae do mesmo sitio e xa paga o meu home...». «Ben, pois que non pague o teu home e paga ti, porque ti tes un traballo igual ca o teu home. Ti rematas o traballo e vas para a casa a descansar? Vas tomar unha caña á taberna? Porque vas para a casa e, a comida, os nenos, os maiores, a roupa, os porquiños, as galiñas e o que sexa. El terá o traballo que teña, moi duro, vale, pero cando remata vai tomar unha cervexiña. E despois de todo ese traballo, ti o día que te xubiles dependes de se el ou o teu fillo che queren pagar un café. Como nos van valorar as mulleres, se nós mesmas cremos que non merecemos nin un café!». «Non claro, niso tes razón...». Pois con esa campaña estabamos cando Mucha apareceu en manifes-

tación cunha pancarta diante do Parlamento, coa leira de pobriñas mariscadoras, que non gañan para pagar a Seguridade Social e a Consellería de Pesca obrígaas. Como unha muller pode facer que renuncien a algo tan importante! Así que imaxínade o sentimento que eu tiña con Mucha. Saíron as propias mariscadoras, deron unha rolda de prensa falando das vantaxes. *Chapeau!* A Xunta pagou tamén o traballo dunha persoa técnica, bióloga, en cada confraría, para irles comentando o estado das praias e que fixesen unha rotación. Isto era básico para poder trazar o plan de explotación, que tamén o esixía a lei, unha rutina, pero en base á realidade. Deste xeito xa empezaron elas a decidir sobre o recurso, e con isto rematou o asunto das vedas, porque se elas xa se facían responsables podían mariscar durante todo o ano. Paraban nunha praia, recollían noutra e así. Co cal pasaron a gañar un salario mes a mes durante todo o ano. Algunhas pasaron de 1000 € ao ano a 1000 € ao mes, coas súas baixas de maternidade ou por enfermidade.

A: Vaia cambio!

PS: Despois cada día na prensa, as mariscadoras isto, as mariscadoras aquilo, porque xa non lles quedou outra aos medios. Constituíuse AREAL e eu sempre lles dicía, «tedes que poñer un fondo de capitalización, porque hoxe hai xente na consellería que vos está axudando moitísimo, que non sabedes o que hai noutros sectores». Porque de verdade que López Veiga fixo unha xestión boísima. Eu teño ganas de velo algún día para dicirlle o ben que o fixo... Merece que se lle diga, porque por esa maraña do *Prestige* marchou de mala maneira. Pois iso, eu dícialles, «vós estades encantadas co técnico na confraría, co biólogo, pero se non vos pagan os salarios deses profesionais tedes que pagalos vós. O que terá que facer AREAL será substituír a Administración, tedes que apostar por unha boa xerencia que

A capacidade do mar para rexenerarse é impresionante, vin zonas totalmente esquilgadas que aos dous anos estaban en plena produción. Era tan rápido que as que se decataban deseguida se apuntaban ao cambio



se vaia marcando obxectivos, que estea pendente das axudas, das subvencións, etc.».

E a min que me encanta *manipular*, aí non *manipulei* (porque se tiña que facelo para que elas estivesen mellor, non tiña ningún problema, como iso de contar-lles que a Comunidade Europea esixía que estivesen afiliadas á Seguridade Social para facer o curso de marisqueo). Tiña unha persoa que era a ideal, unha muller bióloga, monitora deses cursos que dabamos, moi formada, con carácter... Non quixen estar eu no proceso de selección, deume un pouco de non sei que, xa son autónomas, pensaba. E equivocáronse, meteron a zoca ata o fondo. Cando alguén colle un posto deses non pode ser para formarse nel. Entón AREAL morreu, é a espiña que eu teño cravada. Cando un proxecto fracasa é peor que cando non o hai, porque cando non o hai, queda a esperanza, a ilusión, mais cando fracasa, volvevo levantar... Como se convence a xente de que volva apostar?

AREAL leva oito anos sen convocar eleccións. Que pasou con AREAL? Acababa de ser escollida a presidenta cando foi o do *Prestige*... Así que Lola para todo, Lola para roldas de prensa, entrevistas, comeu con Fraga, foron a ver o rei... Encantoulle a cousa e agora non quere saír de aí! AREAL foise ao tacho, mais ela quere seguir sendo a representante de AREAL. Leva, como digo, oito anos sen convocar eleccións e tampouco na súa propia agrupación (integrábanse en AREAL as presidentas das agrupacións). Así que agora haberá que dicirlles, «que pasa, queridas, facemos o mesmo contra o que tanto loitamos?, vós agora repetindo exactamente o mesmo?». Que nos atopamos agora? Nestes catro anos que estivo Mucha... Ben, cando chegou Mucha á consellería eu tiña claro que tiña que marchar, porque eu puxéraa *a parir* por toda a costa. Cada vez que as mariscadoras me dicían que estaban tendo moitos problemas, porque as de AGAMAR isto, as de AGAMAR o outro, que non

Cando un proxecto fracasa é peor que cando non o hai, porque cando non o hai, queda a esperanza, a ilusión, mais cando fracasa, volvevo levantar...

querían vixiar, que non querían pagar á Seguridade Social, eu montaba en cólera. Eu dicíalles «non lles fagades caso ás de AGAMAR, Mucha anda ao que anda, ela quere procurarse un posto e a base de montar liortas hao conseguir». E cando saíu parlamentaria deixou AGAMAR. Cando foi conselleira xa lles deu *cancha* a todas as furtivas... Foi moito!

A: E para onde fuches?

PS: A Igualdade. Alí estiven un ano. Eu seguía tendo a sección en Pesca, que aínda non saíra a concurso, e visto que non ía poder facer absolutamente nada en Igualdade, marchei. Volvín a Pesca, porque cando Rosa[Quintana], que fora a miña directora con López Veiga, dividiu o servizo de Lino [Lema] en dous, a min deume a parte de organización sectorial e a Lino a parte de xestión, que el é moi bo xestor e faino moi ben. Deumo en comisión de servizos, porque á persoa que estaba alí déronlle outro posto no gabinete, pero non soltou o servizo. Entón tiveron máis autonomía, capacidade de decisión para organizar os encontros como me dese a gana, con orzamento propio. Sempre procurei que as mulleres viaxasen o máis posible, a Asturias, ao País Vasco, a Bruxelas... que visen, que se movesen. Claro, hoxe falas con elas e xa é unha bagaxe de moitos anos, de moita formación e de moito cambio, que antes non saían cada unha do seu sitio. Os cartos en formación e nas viaxes é como mellor empregados están.

Os dous últimos anos en Pesca estiven sentada sen facer absolutamente nada. Paseino bárbaro! Non tiveron ningún problema, ningún, saía a tomar cantos cafés quería, non me privaba de ter un libro aberto enriba da mesa... Lin moitísimo. Cando alguén me preguntaba, «e ti que fas?», eu respondía, «nada!», «como?», «nada!; mira é que cando unha persoa chega ao meu status, xa lle pagan só por tela aí». Tamén era boa que se atrevesen a dicirme algo! Xa me colleu con moitas horas de voo, se daquela empezase a traballar si que me afundían. Tampouco Mucha se atreveu a botarme cando chegou, porque ela tiña claro quen era eu para as mariscadoras.

A: Unha dúbida, Pencha, hai un número significativo de mulleres mariscadoras a flote?

PS: Non. Moi poucas, porque non se lles permitía, por cultura.



Despois de facer cursos coas mulleres empezamos cos homes, empezamos cos recursos específicos. Decatámonos de que o que facía falla era o mesmo, un modelo de organización e alguén como López Veiga que dixese, cúmprase isto

A: Pero isto é rechamante, porque existen percebeiras é ese un traballo moito máis duro e arriscado, non?

PS.: Nalgunhas zonas hai percebeiras, tampouco en todas. A verdade é que foi un sector dun recurso específico bastante marxinal tamén.

Despois de facer cursos coas mulleres empezamos cos homes, empezamos cos recursos específicos. Decatámonos de que o que facía falla era o mesmo, un modelo de organización e alguén como López Veiga que dixese, cúmprase isto. Empezamos con recursos específicos en encontros con eles. Tremenda diferenza! Eu pensaba, como é posible tantos séculos de sometemento..., pero como nos valoramos tan pouco as mulleres, como temos ese sistema de crenzas instalado, como!! Porque elas danlles cincuenta mil voltas a eles en todo. Elas son como esponxas, encántalles saber, aprender, poñelo en práctica... Eles sábeno todo, escoitan sen ningún interese...! Estabamos empezando con eles, non foron uns resultados tan espectaculares, pero vale, bastante ben. No percebe conseguiron organizarse e sacar moitos cartos, por deixalo medrar, claro, senón habería pedras limpas. Tamén, os de navalla e longueirón, os de ourizo... Entón chegou Mucha de conselleira e nesas catro anos non volveu facer ningún encontro nin nada de nada. Non houbo máis formación nin organización, porque xa eles estaban suficientemente organizados e sabían todo o que tiñan que facer. Se os que estaban

organizados chamaban os gardacostas polos furtivos, nada, porque o servizo de gardacostas tiña orde de non facer nada, porque os corpos represivos non son ben mirados na esquerda, polo visto.

O que máis satisfacción me dá é comprobar que o proceso estaba ben feito, porque elas aí se mantiveron.

A: A verdade é que causa asombro que en data tan tardía como 1995 o sector do marisqueo a pé no noso país estivese nesas condicións. Pero tamén é certo que resulta abraiante que AREAL se constituíse en 2002 sendo un modelo de referencia europeo! É dicir, o cambio aquí foi espectacular, pero parece que en Europa tampouco estaban para botar foguetes.

PS: Certamente AREAL foi un modelo de organización a nivel mundial. E sinceramente penso que a nivel de organización en Galicia temos moito que exportar. Integrámonos nunha agrupación de mulleres europeas que se chama AKTEA, a rapaza que a coordina e que creou a rede de mulleres desde a universidade, Katia Frangoudes, é grega pero vive en Francia, en Breaña. Organizaron o primeiro encontro desta rede de mulleres e alá me fun eu con mariscadoras. Alucinei por cores, porque me decatei de que xa lles damos cincuenta mil voltas a aquelas! Mulleres de Francia, Italia, Reino Unido... presentábanse así: «eu son muller de pescador... ou son filla de pescador... ou son compañeira de pescador...». Non estaban alí por seren elas pescadoras, eran *mulleres de...*

Aquí actualmente hai nove ou dez patroas maiores, hai representación das mulleres nos cabidos e en todos os órganos de decisión. Onte estiven con Montse, que é a que está no servizo onde eu estiven, e vaise facer o 9 de febreiro outro encontro coas mariscadoras. Elas están encantadas, queren verse, queren falar despois de todo este tempo. Espero que, como sempre, o encontro dea para moito debate, para analizar o que se fixo e para marcar novos obxectivos. ■

NADA NOS INTERESA
MÁIS QUE O GALEGO.
NINGUÉN NOS INTERESA
MÁIS CA TI

ASÓCIA - TE

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
Campo do Cruceiro do Gaio, 7 - 1º - 15705 Santiago de Compostela - Telf 981 56 38 85 / www.amesanl.org

Nome:

Apelidos:

Enderezo

C.P.:

Localidade:

Telf

Cuota anual:

30,05 euros.

12,02 euros. Estudiantes e parados

Caixa/Banco Sucursal DC

c/c lo libreta de aforro

Nome da entidade:

Enderezo:

XELA CUÑARRO OTERO¹

Falar de fábricas conserveiras en Galicia é falar de traballo en feminino. Todas as mulleres que traballaron nas conserveiras teñen en común facelo en fábricas máis ou menos pequenas, moi familiares, agás Massó, con salarios baixos e cunha capacidade reivindicativa moi limitada dadas as circunstancias políticas e sociais das épocas nas que traballaron.

As mulleres cumprían, ademais, coas tarefas tradicionais que se lles tiñan outorgado: nais, criadoras dos fillos,

responsables da súa educación e administradoras das casas. Como mulleres de mariñeiros tiñan que vender o peixe, no mercado ou de aldea en aldea, coa patela na cabeza, para trocalo por cartos cos que poder mercar o necesario para vivir co esforzo do arrincado ao mar polos seus. A muller foi a administradora dos cartos e da despensa.

Máis do 80 % das asalariadas das conserveiras en Cangas foron mulleres; aquí van os seus testemuños...

¹ Xela Cuñarro Otero é xornalista e colaboradora no libro *As mulleres da conserva*.

Testemuños e lembranzas das mulleres da conserva





A nós, que eramos unhas raparigas, ofrecíannos gañar unhas pesetas escunchando mexillóns para levar a vender ás fábricas de Aldán. Neste labor só traballabamos as mulleres, as propias dos mariñeiros e algunhas veciñas. Despois tiñamos que ir andando, coas cestas na cabeza, dende Santa Marta á fabrica de Aldán para levar os mexillóns.

Josefa Pérez González

O traballo na conserveira, cando tes fillos, lévase mal, moi mal, porque tes que chegar á casa e tes que atendelos, e eu tiña que ir lavar ao río, que non tiñamos auga na casa..., e chegas cansa, e non atendes ben aos teus fillos; entón acabei deixando o traballo, porque se non os fillos telos abandonados... e é moi duro e... lévase mal.

María Ríos Rodríguez

Na de Chamadoira, cando era o tempo do bonito, quedabamos co loureiro a tornarlle as moscas, para que non pousaran no bonito... Esta fábrica daba moito traballo, porque collíamos a auga do mar, había que estar carrexando auga... e carrexar o carbón... e subir riba dunha mesa cando che botaban o peixe... e espallalo á xente para que tivera para traballar.

Josefa Rial Bastón
(Fita Ghalana)

Eu estiven toda a vida na conserva: traballei trinta e catro anos na de Massó dende o ano 1962 ata o ano 1996. Traballaba unhas veces levando o control dos pesos das latas, o aceite que tiñan que levar, a cantidade de tomate que se lle poñía, etc. Despois estiven no almacén e tamén na máquina de lavar.

Carmen Gallego Martínez

Algunhas mulleres viñan dende a parroquia de Aldán (sete quilómetros) andando e descalzas e algunhas incluso en estado. Naquela altura, no ano 1935, viñan tamén dende Sabaceda, en Moaña. Cando empecei a traballar mandáronme para o estuchado. O primeiro día de traballo conseguín facer unha caixa de anchoa de cen latas. Co paso do tempo e a veteranía que collín cheguei a facer seis caixas por día.

Josefa Covelo

Empecei a traballar con trece anos acabados de facer, nunha fábrica de Bouzas, en Vigo. Traballaba sen parar, seguido. Quero dicir traballábase ata case non poder encher os pulmóns de aire e cunha saúde moi mala. Dos recordos máis intensos que lembro son o frío que pasabamos e os sabañóns nas mans. O traballo era duro, porque case que todo se facía manual. As máquinas que había só se empregaban para pechar as latas da conserva.

Mercedes Bastón Bacelar

Chamaban por pitadas e tiñas que ir, porque senón quedabas na lista das que non acudiran e despois dábanche traballos moi malos, dos peores, como era traballar na salmoira, e así.

Pura Rial



Primeiro atadeira e despois empregada de Massó, continúa a ser unha testemuña do prezo que pagaron algunhas mulleres de Cangas cando en 1936 se manifestaron cos mariñeiros para pedir a xornada de oito horas e unha *gardería-cuna* para os seus fillos.

Leonarda González
(a Roxa)

Cando había moito peixe traballabamos os domingos e os festivos. A partir do verán, viña a temporada forte da sardiña e traballábase tamén en quendas de noite. Nos domingos tiñamos misa pola mañá. Asistíamos dende o propio posto de traballo, sen movernos de alí. E polo serán tiñamos películas. A fábrica era o centro das nosas vidas hai corenta e tantos anos.

Carmen Álvarez

Na baleeira de Massó viñeran xentes de fóra, xaponeses e marroquís, para instruír os traballadores de aquí. Daquela a graxa das baleas chegaba ata a praia de Rodeira e o fedor ao cocer a carne dos cachalotes estendíase por todo Cangas.

Carmen Fernández Mariño

O importante era aprender e prestar ollo ao que facían as mulleres para logo saber ti o día que che tocase ir ao empaque... Home, había que aprender para non oír berros... que... a fábrica, como era grande, soaba moito, e calquera cousa que che reprendesen... escoitábase por todas partes...! E había que andar ben dereitos. As revisadoras ou xefas da mesa eran unhas *voceiras*, claro, elas levaban a conta do empaque e de que non se comera..., eran as que nos daban os *bocinazos*... e así: «Trae pacá tal cousa, trae pacá tal outra».

Isabel García Otero

Vinte e cinco anos na fábrica de Massó no Salgueirón déronme para traballar en moitos lugares: operaria de control, na *gardería* coidando dos nenos, en expedicións preparando os pedidos, *carretilleira* cargando camións coa *carretilla*..., cando había pouca xente ou cando traballabamos só as fixas téñenme mandado para a *cociña*, onde se preparaban os patés, a sopa de pescado, de marisco, etc., uns caldos deliciosos. Empecei con dezaseis anos. Estaba estudando, con *beca*, cuarto de bacharelato elemental, pero tiven que deixalo para axudar na economía familiar. A miña nai era viúva e andabamos ás ruchas. Agora co paso do tempo podó dicir que estou contenta cos traballos que tiven.

Carme Sotelo

Estas vivencias e testemuñas aparecen recollidas no libro *As mulleres da conserva* publicado pola Asociación Cultural A Cepa de Cangas dentro dun proxecto dedicado a investigar a historia das fábricas de salgadura e da conserva, para dar a coñecer as modalidades de traballo feminino na industria pesqueira e conserveira, porque foi moito o esforzo e a enerxía que achegaron as mulleres que traballaron neste mar da ría de Vigo. ■

CUÑARRO PINTOS, Fernando,
Xela CUÑARRO OTERO (col.),
e Xosé Luis LORENZO GARCÍA
(fot.): *As mulleres da conserva*,
Cangas, Asociación Cultural
A Cepa, 2009




A asociación Cultural A Cepa inicia a súa andaina en 1995 co obxectivo de facer traballo asociativo e cultural. Nesa idea enmárcanse os obradoiros de actividades formativas e de tempo libre, arquivo e exposición de fotografías antigas de Cangas e de actividades humanas da súa xente; exposicións de pinturas, traballos manuais de diverso teor, excursións, e edición de libros (*Cangas na historia*; de versos do poeta popular Serafín, de fotografías de Cangas).

Este bonito e ben editado libro de *As mulleres da conserva* (2009) foi patrocinado pola Secretaría Xeral de Igualdade da Vicepresidencia da Xunta de Galicia.



ALFAGEME

A reconversión silenciosa dun sector feminizado



LGNS

Moitos anos, en concreto cento trinta e seis anos de conservas Alfageme remataron en 2006 coa venda a un conxunto de inversores galegos (Inversiones Louredo), especializados en fusiones e quebras, das empresas Conservas Peña, en Vilaxoán; Mariscos San Caetano, en O Grove e a conserveira Alfageme (con centros de traballo en Vigo, Míau, e en Ribadumia), para posteriormente pasar o 100 % das súas accións ao Grupo Inmobiliario PROMA-

LAR, cuxa cabeza visible é o empresario e promotor inmobiliario Juan Lago.¹

De aí veñen case todas as leas nas que hoxe andamos, chegando a unha situación insostible. Catro factorías: Vigo-Bouzas, Ribadumia, O Grove e

¹ PROMALAR e Juan Lago son ben coñecidos no Morrazo polo *pelotazo* urbanístico que quixeron coar no PXOM: construción de 6000 vivendas en Aldán en terras do monte comunal.



Desde decembro de 2007 as traballadoras de Vilaxoán e as do Grove levan loitando en defensa de todos os postos de traballo [...]

Fotografías páx. par:

(Esquerda) Peche das traballadoras de Conservas Peña-Alfageme, decembro de 2009

(Dereita) Manifestación en Vilagarcía, decembro de 2007 (fotografía de Ronny Stansert)

Fotografías páx. impar:

(Arriba) Peche Peña Alfageme, decembro 2009

(Abaixo) Manifestación en Vilagarcía o 22 de xaneiro de 2010

Vilaxoán, cun total de preto de 350 traballadoras, a piques de pechar definitivamente.

PROMALAR mercou coa evidente intención da especulación dos atractivos solares que ocupan estas fábricas na beiramar, sinaladamente a de Vigo-Bouzas e a de O Grove.

Vaia *pelotazo!*

En outubro de 2007 a nova dirección do grupo presentou o denominado *Plan estratéxico 2007-2011* que prevía o

peche dos catro centros co proxecto hipotético de abrir dúas novas factorías (unha na comarca de Vigo e outra na do Salnés), todo iso financiado con subvencións públicas a fondo perdido, con créditos de Caixanova avalados polo IGAPE e, como non, coa venda dos solares das conserveiras, previamente recualificados polas administracións correspondentes. Plan que tivo a oposición aberta das traballadoras de Vilaxoán e das do Grove por entender

que se trataba só de mera especulación urbanística.

Malia os avais recibidos (44 millóns de euros nos últimos dous anos), sen falar das subvencións que puido ter recibido directamente, a desastrosa xestión empresarial –por non dicir deliberada xestión para afundir as conserveiras e rematalas tirándolles as máis grandes vantaxes, *creba de empresa, crise,...* sóalles isto?– levou a empresa ao límite: impago de salarios, carencia de activi-



(Arriba) Mobilización en 2009, Vilagarcía,
(Abaixo) Manifestación en Vilagarcía, decembro de 2009

dade, etc. Do *Plan estratéxico...*, que nunca chegou a poñerse en práctica, pasouse ao *Plan de viabilidade*, que é o mesmo, pero con menos custos para a empresa. No canto de pechar todos os centros para crear dous novos, pásase a concentrar toda a produción en dous dos xa existentes, Ribadumia e Vilaxoán, trasladando as traballadoras a estes e liberando sempre os terreos de Vigo e O Grove. Este *Plan* é apoiado abertamente por CC. OO., só nos des-

pachos pola CIG, e é rexeitado abertamente pola CGT por non admitir que se pechen centros de traballo para especular cos terreos e deixar na rúa ao seu persoal.

Agora mesmo pois está sobre a mesa ese *Plan de viabilidade* que algunhas representacións sindicais aceptaron e negociaron como única saída para sacar a conserveira adiante, e que prevé o despedido de 60 traballadoras, mentres que outras seguen esixindo un Plan da con-

serva como única vía posible de salvación da actividade do grupo completo. A Xunta ratificou a última semana de xaneiro a Francisco Rivas como director xeral da conserveira Alfaceme e as súas mediacións van dirixidas a atopar un novo comprador para o grupo, de momento sen resultados, coa intención de que PROMALAR deixe a xestión, mentres continúa inxectando cartos pola vía dos avais a fin de manter activa a empresa e que non perda valor de mercado.

Nos dous últimos anos a equipa xestora dedicou a maior parte dos cartos procedentes dos préstamos avalados polo IGAPE (44.000.000 €) a sanear os seus negocios, ao grupo financeiro, a indemnizacións... sen investir na conserveira e sen que houbera intervención algunha destinada a impedir tal desatino.

A actual Xunta xa avalou tres créditos de 1.200.000 € (3.600.000 €), pero a diferenza da anterior cun férreo control (aprobar directamente cada gasto exclusivamente destinado a pago de salarios, materia prima e envases).

Desde decembro de 2007 as traballadoras de Vilaxoán e as do Grove levan loitando en defensa de todos os postos de traballo e, a partir da aprobación do *Plan de viabilidade*, en outubro de 2009, as mobilizacións das traballadoras, agora si dos catro centros, coinciden na esixencia do pago dos salarios e da continuidade da actividade produtiva, diferenciándose claramente as reivindicacións entre as que apoian o plan e as que non, solicitando mediacións de cantas institucións e organizacións políticas, sindicais e sociais estean dispostas a prestalas, cortando o tránsito, ocupando espazos públicos ou sedes empresariais (peches nas fábricas, en ANFACO, patronal da conserveira...), indo á folga, pedindo solidariedade. ■

Libros



Mecas: A memoria das mulleres

AA. VV.: *Mecas: A memoria das mulleres*,
Equipo de Normalización e
Dinamización Lingüística do IES
As Bizocas, O Grove, 2009

NSC

Un libro ben fermoso este que nace da capacidade e o entusiasmo de Patricia Arias Chachero, profesora no IES As Bizocas e coordinadora do Equipo de Normalización Lingüística para envolver a dúas ducias de alumnas e alumnos, amén doutras persoas do claustro de profesorado e do concello, para tirar dese singular e marabilloso fío de memoria que son as avoas. Entrevistadas por eses rapaces e rapazas interesadas en saber ou perplexas cando descubren, por boca das súas avoas, o difícil que lles foi a vida, os esforzos e a bravura que precisaron para sacar adiante as familias, a coraxe e a carraxe que lles fixo falta para vivir, para soportar os traballos, os partos, as dificultades, a fame e para legar aos seus unha vida mellor.

Seguro que se emocionaron –talvez choraron– e riron, desde logo, tamén coas biografías, coas fotos, coas chatas coas que se lles coñece e levan sen ningún enfado, porque ademais, seguro que os netos e netas herdarán, tamén.

Vinte e dúas mulleres entrevistadas por ese fato de alumnas e alumnos coas súas fotos e outras fotos de familia, traballo, tempo de ocio, escola.

Neste libro as mulleres contan, na escrita que elaboran as netas e os netos, da vida real e concreta que lles tocou vivir nun tempo moi distinto aínda que

non tan lonxano cronoloxicamente. E ao ler unha historia e outra confórmase un fresco lindísimo da vida no Grove. Ese desexo que Antón Mascato, que escribe nos comezos do libro: «Eloxio da chata e da fame que nos alimentou» ao recoñecer nas avoas entrevistadas a toda unha «xeración de mulleres capaces de grandes sacrificios na procura do benestar dos seus. Para os netos e netas, o desexo de que nunca esquezan que vimos de lonxe, e que imos para lonxe, levando con nós a memoria herdada, a chata e a consciencia de sermos xente dona dun territorio singular, que aínda é recoñecido “polo xeito de falar”».

No limiar, «Feminino rebelde», escribe Patricia Arias Chachero, que un día chegou doutras terras e leu ou escoitou que un bo día as mulleres do Grove, fartas dos abusos luxuriosos do Meco, decidiron aforcalo pendurándoo da figueira no cumio do monte da Siradella e que o pobo unido responsabilizouse do asasinato, «ao Meco, matámolo todos».

Chegou doutras terras onde as mulleres traballaban, claro, e traballaban moito, pero facíano na casa, nas hortas, na vida familiar e «descubríñ entre vós que aquí as mulleres traballan igual e, por riba, ían as depuradoras, ás conserveiras, á seca, á Toxa...» e que iso axudou a buscar xeitos comunais e solida-

rios de coidar dos fillos ou de atender as persoas maiores... e mesmo de ocuparse de todo en solitario cando tantos homes ían embarcados por longos meses.

De todo isto fala este libro: De traballadoras das conserveiras, de avoas e de fillas que ían coller auga á Fonte Grande e lavar ao Rasoeiro, ou á Gatiñeira, de mulleres loitadoras e esforzadas, de bailes, de festas e do cine de Mandoncacho, ou de Besada, de rapaciñas que tiveron que aprender a taxar a madeira dos montes de San Vicente, de colares de cunchas e de nais emprendedoras, de persoas que transgreden a lei para alimentar aos seus e de mestras que, coma min, chegaron un bo día á terra do mar e do vento norte.

A través dos traballos escolares –rapazada entre 11 e 18 anos–, ela e outras profesoras aprenderon das nais e avoas do seu alumnado: «que era ir á seca, apañar paúlo á Toxa, a función do remolque, que as cunchas enfiadas para os colares non se vendían que se cambiaban por leite, ou quen foi don Jacobo, o médico humanista de Lordelo».

Un libro moi bonito para ler, para saber, para aprender. Un traballo que tamén nos di que se poden facer cousas moi fermosas co alumnado e que eles tamén queren saber, aprender, herdar o patrimonio inmaterial que é a lingua, a memoria, a historia dos seus e en particular, aquí, das súas avoas. ■

RUTH MATILDA ANDERSON

MARÍA SAA

No outono de 2009 comezou o seu itinerario polas principais cidades galegas unha extensa exposición dedicada a Ruth Matilda Anderson (1893-1983), unha fotógrafa estadounidense que per-

correu Galicia entre 1924 e 1926 enviada por unha institución cultural neiorquina, a Hispanic Society of America (HSA). Hai uns meses tivemos ocasión de visitala na sede da Fundación Caixa





Moitas destas imaxes resultan atraentes por razóns diversas; nuns casos debido ao seu interese como documento etnográfico, noutros pola súa equilibrada composición, noutros porque nos fan sentir unha estraña proximidade coas persoas retratadas e case a ilusión de telas coñecido

Galicia na Coruña. Trátase dunha mostra completísima, reúne arredor de cincocentas fotografías que presentan unha enorme variedade de estampas de Galicia, sobre todo da rural: paisaxes, arquitectura popular, oficios, escenas festivas... semella que nada escapou ao obxectivo da fotógrafa. O conxunto –escolmado dunha colección de máis de cinco mil imaxes da mesma autora– achega unha rica información para a historia recente da vida cotiá no noso país.

Moitas destas imaxes resultan atraentes por razóns diversas; nuns casos debido ao seu interese como documento etnográfico, noutros pola súa equilibrada composición, noutros porque nos fan sentir unha estraña proximidade coas persoas retratadas e case a ilusión de telas coñecido. As pequenas imperfeccións técnicas dalgunhas das fotografías (problemas de enfoque ou de exposición) non lles restan un ápice de valor; de feito, ditos defectos parecen insignificantes cando se coñece o contexto no que foron tomadas as imaxes. En realidade abraia que autora fose

unha persoa que carecía de experiencia previa en fotografía de exteriores, que apenas coñecía a lingua do país e que levou a cabo un traballo inxente practicamente soa.

Mais sen pretender poñermos en dúbida o indiscutible interese da exposición, si atopamos nela algo que nos sorprende negativamente: o cativo espazo que se lle concede á propia autora, á que ao noso entender lle correspondería en xustiza algo máis de protagonismo. No comezo da exposición vemos unha Ruth sorrinte nunhas poucas fotografías de autoría descoñecida e unhas breves liñas fálannos brevemente sobre ela e a institución que a enviou a Galicia. Iso é todo, non hai ningunha mención máis na media ducia de salas que siguen. Por sorte nalgún dos textos incluídos no catálogo atopamos datos moi interesantes sobre Ruth Anderson e o seu extraordinario labor.

Amosando gran confianza en si mesma, esta muller salientable aceptou de contado a proposta da HSA de emprender unha expedición fotográfica a Galicia; entón non coñecía con exactitude

os detalles pero si era plenamente consciente da magnitude da tarefa. Hoxe en día apenas podemos imaxinar as condicións nas que a levou a cabo, a dificultade da comunicación (debido tanto á lingua como ás diferenzas culturais), de obter información, de mercar materiais técnicos, dos desprazamentos, as trabas burocráticas... Sabía que tiña ante ela un reto formidable no que debería empregarse a fondo e no que ía atopar un cúmulo de atrancos. Durante preto de dous anos dedicouse case en exclusiva a súa misión cunha enerxía e cunha paixón salientables.

Aínda que xa estivera antes en Galicia, Ruth non falaba galego, si un pouco de castelán (aínda que –segundo ela mesma confesa– entendía máis ben pouco), pero confiaba en que «xa aprendería», como así foi. Contou na primeira parte da viaxe coa soa compañía do seu pai, tamén fotógrafo (e que non falaba unha soa palabra de castelán nin de galego), mentres que na segunda quen viaxou canda ela foi unha colega fotógrafa da HSA, Frances Spalding, acerca da cal non atopamos ningunha

**[...] non fixo os
convencionais retratos
de estudio tan comúns na
época [...] senón algo máis
complicado: apreixar o
espírito dun pobo, a súa
identidade, a través de algo
a priori tan anódino
como a vida cotiá**



información. Anos máis tarde as dúas mulleres emprenderían xuntas longas expedicións por Extremadura, Castela, León e Andalucía, sempre por encargo desa sociedade.

Ruth debeu de ser unha persoa forte que non se deixaba amedrentar polas dificultades. Malia estar apoiada por unha institución poderosa, contou cuns medios económicos suficientes pero axustados, o que a obrigaba a levar unha coidadosa administración. Asim mesmo tivo que ocuparse persoalmente de boa parte das cuestións prácticas, desde decisións tan complexas como a elección do material técnico que traer desde os EE. UU. (cámaras, obxectivos, trípodes, flashes, útiles para revelar...)

ata, xa in situ, asuntos cotiáns como xestións bancarias, reserva de aloxamentos ou a obtención das autoridades dos permisos que nalgúns lugares se requerían para fotografar; pequenas tarefas que non sempre resultaban sinxelas nin rápidas de resolver.

Se isto resulta hoxe difícil de concibir non o é menos a finalidade da expedición. Non se trataba dun traballo para o lucimento persoal da súa autora e pouco contribuíu ao seu recoñecemento profesional, xa que as fotografías non estaban destinadas a unha exposición ou un libro de gran formato. Non lle correspondía a Anderson protagonismo ningún: o que a HSA procuraba era simplemente reunir un completo

arquivo gráfico, un exhaustivo banco de imaxes ao que puidese recorrer cando o precisase para documentar unha investigación ou ilustrar algunha das súas moitas publicacións. De feito, en libros e folletos publicáronse fotografías de Ruth insertadas no corpo do texto, cunhas dimensións tan reducidas como 3 x 5 cm e sen o nome da autora.

O obxectivo que o director da HSA, Archer M. Huntington, encomendou a Ruth foi documentar a cultura popular, en especial aquilo que constituía o peculiar e distintivo do pobo galego, o que non se podía atopar en ningún outro lugar. Por iso non fixo os convencionais retratos de estudio tan comúns na épo-



ca nin escenas idealizadas ou impresionantes vistas de monumentos importantes, porque non se trataba de obter bonitas imaxes decorativas, do mesmo xeito que non se trataba de obter imaxes *de autor* nas que primase a orixinalidade, senón de algo máis complicado: apreixar o espírito dun pobo, a súa identidade, a través de algo a priori tan anódino como a vida cotiá. Ademais de amplos coñecementos técnicos a tarefa requería unha boa dose de intuición e perspicacia.

Anderson, que no momento de ser designada para esta expedición levaba xa algúns anos traballando na HSA, comprendeu perfectamente a misión, consonte ás ideas de Huntington, e

soubou afastarse dun esteticismo ou dun exotismo que podían resultar atraentes –e para os que sen dúbida atoparía materiais dabondo–, pero que non aportarían nada. E do mesmo xeito que fuxiu da repetición de estereotipos fuxiu tamén da sordidez. Así, non ocultou a pobreza ou a sucidade onde as había pero tampouco se recreou nelas. Compre salientar que en todo momento mantivo unha actitude desprexuízada e respectuosa ante o que a ela, chegada de Nova York, podía parecerlle un pobo ignorante e pouco desenvolvido, mesmo cando a ela lle atinxía persoalmente. Non atopamos nas súas notas unha queixa pola escaseza de comodidades, por ter que traballar case a cotío en co-

E do mesmo xeito que fuxiu da repetición de estereotipos fuxiu tamén da sordidez. Así, non ocultou a pobreza ou a sucidade onde as había pero tampouco se recreou nelas

Ademáis sempre estaba disposta a conversar coa xente; sabía que era imprescindible achegarse para vencer as desconfianzas iniciais e obter a súa colaboración, o que case sempre sucedía

rredoiras enlamadas, polos modestos cuartos sen ventás, húmidos, con pulgas ou sen auga corrente nos que se hospedou en non poucas ocasións.

Máis dura era a vida que levaba, sobre todo no rural, a maior parte das mulleres galegas da época. Ruth retratounas con frecuencia desenvolvendo todo tipo de labores: palillando en Muxía, turrando de redes de pesca en Ézaro, vendendo pan nos mercados, cocendo polbo nunha feira, carrexando todo tipo de enseres, nos quefaceres do campo, ao fronte dunha taberna... Desde nenos estaban afeitas a traballar arreo.

Ruth demostrou unha notable curiosidade por todo canto a arrodaba e non escatimou esforzos para obter información de primeira man. Como boa fotógrafa, revelouose como unha observadora aguda e intuitiva. Ademáis sempre estaba disposta a conversar coa xente; sabía que era imprescindible achegarse para vencer as desconfianzas iniciais e obter a súa colaboración, o

que case sempre sucedía. Deixou anotados os nomes dalgunhas das persoas que fotografaba e a algunhas agasallounas con copias.

Quixo reflectir a realidade e plasmala en imaxes auténticas, non preparadas. Aínda que preferiu as actitudes espontáneas ás poses, con algunhas delas acadou resultados sobresaíntes. Destacan, por exemplo, os retratos de Carmen, a tecelá de Pedrafitelas, muller humilde á que fai posar coa dignidade dunha señora, ou Julia, ensimesmada nos seus pensamentos mentres prepara o chocolate. É evidente que Ruth debeu de sentir empatía por algunhas das persoas que retratou e que elas se sentían cómodas na súa presenza, e dalgunha maneira logra facernos partícipes deses sentimentos. Resulta fácil imaxinar que se enterneceu coa cativiña de Sada que sorrí mentres lava a roupa ou coas dúas meniñas de Ézaro sentadas a carón da lareira cos pes nus e o xesto serio. A pesar de que o traballo de Ruth respondía a unhas directrices ben con-



cretas e era supervisado a cotío polo propio Huntington, ela logrou imprimirlle a súa impronta persoal.

Tivo momentos de desánimo, nos que as cousas non acababan de saír de todo ben e chegou a dudar da súa capacidade para levar o traballo a bo termo, pero en xeral Ruth parecía gozar cun traballo ao que se entregaba con paixón e coas relacións persoais que establecía. Con todo, non debeu de ser fácil para unha muller de 30 anos de idade pasar tantos meses nunha terra allea, lonxe da súa familia e persoas queridas e traballando sen apenas descanso. O traballo ocupaba boa parte das horas do día, seis días da semana e en ocasións sen parar sequera o domingo ou o día de Nadal. Os labores desenvolvíanse á intemperie durante boa parte do tempo, con vento, frío e lamas nos meses de inverno. Ruth e o seu pai, ou Frances, non se limitaban a tomar fotografías sen máis, tamén desenvolvían tarefas de documentación e investigación previa, que con frecuen-

Sen dúbida Ruth Anderson e a súa axudante Frances Spalding foron obxecto de todo tipo de comentarios; tiñan que chamar moito a atención non só polo feito de seren estranxeiras e polo seu aspecto físico, por saber conducir e montar a cabalo, tamén por seren mulleres soas que viaxaban sen compañía de homes e desenvolvían con plena autonomía unha tarefa de tipo técnico. Nada diso era demasiado frecuente na Galicia rural dos anos vinte do século pasado

cia requerían complicados e lentos desprazamentos a lugares lonxanos ou tan mal comunicados que ás veces era preciso erguerse antes do amencer para chegar a tempo.

Coa caída da noite non concluía o traballo: era entón o momento do revelado e de ir poñendo en orde as notas tomadas durante o día. Anderson foi moi coidadosa á hora de identificar as fotografías e anotar as circunstancias, lugares e datas (incluso ata a hora!) nos que as tomou. Se as máis de cinco mil fotografías que fixo en Galicia son unha relevante fonte de información non o son menos a infinidade de páxinas de minuciosos apuntamentos que escribiu aquí. Dito material sería a cerna do libro *Gallegan provinces of Spain*, un volume de cincocentas páxinas que inclúe preto de setecentas fotografías. Este libro supuxo para ela un traballo inxente e pasaron anos ata que foi quen de rematalo. Foi publicado pola HSA en Nova York en 1939, en inglés, e, que saibamos, nunca se reeditou. Por sorte podemos atopar exemplares nalgunhas bibliotecas públicas galegas.

Ruth Anderson era unha persona rigorosa e esixente consigo mesma e cos que a rodeaban; de feito, na HSA lémbraa como unha persoa de carácter difícil. Era perfeccionista, se cadra en exceso, e non lle gustaba deixar as cousas sen rematar aínda que para facelo tivese que prescindir do descanso ou da comida. Pero se era teimuda tamén debeu de ser flexible e amosar capacidade de improvisación, ser creativa, tomar moitas decisións sobre a marcha e adaptarse a unhas circunstancias cambiantes e que, se cadra, non sempre comprendía ben por mor das diferenzas culturais.

En todas as vilas e aldeas víase rodeada de persoas curiosas ata tal punto que en ocasións obter unha imaxe válida resultaba complicado e requería moita paciencia. Sen dúbida Ruth Anderson e a súa axudante Frances Spalding foron obxecto de todo tipo de comentarios; tiñan que chamar moito a atención non só polo feito de seren

estranxeiras e polo seu aspecto físico, por saber conducir e montar a cabalo, tamén por seren mulleres soas que viaxaban sen compañía de homes e desenvolvían con plena autonomía unha tarefa de tipo técnico. Nada diso era demasiado frecuente na Galicia rural dos anos vinte do século pasado.

É sorprendente, ao tempo que esperta a curiosidade, o pouco que se sabe da vida privada dunha persoa tan lonxe e activa. Antes de decidirse pola fotografía, coa que tivera o primeiro contacto no estudio do seu pai, estudara para mestra, profesión que nunca exerceu. Despois traballou como decoradora de interiores ata que a HSA a contratou como fotógrafa do museo da sociedade. A expedición a Galicia constitúe só unha pequena parte da súa traxectoria profesional. Posteriormente estivo á fronte doutras longas expedicións, pero a meirande parte da súa vida laboral transcorreu discretamente dentro da sede da HSA en Nova York, onde foi conservadora de fotografía e despois, durante moitos anos, dedicouse ao estudo dos traxes, ata a súa xubilación. Viviu noventa anos, nunca casou nin tivo fillos.

Que saibamos, nunca recibiu recoñecemento algún no noso país. Hoxe en día o seu nome segue sendo descoñecido para a maioría da xente. ■



Xulia, de doncela a administradora do seu fogar

PATRICIA E ANGÉLICA COMESAÑA COMESAÑA

A vida de Xulia é unha desas tantas historias marcadas polas consecuencias da guerra civil, que a deixou orfa cando só tiña 5 anos, porque o seu pai foi fusilado na que se coñece como *a volta dos nove*. Este tráxico acontecemento deixou á súa nai viúva con catro fillos aos que manter, o cal truncou a infancia desta muller que con tan só 9 anos tería que porse a traballar xunto a outra das súas irmás como empregada do fogar.

Ao meu pai matárono cando a guerra xunto a outros homes, deixando moitas viúvas e orfos [...]. A nosa situación entón agravouse, polo que a miña nai mandounos a traballar como serventas en varias casas. A min tocoume ir facer compañía a unha muller que estaba inválida [...] e a miña irmá marchou con outra fami-

lia. Os patróns mantiñannos e ademais fixéronnos unhas cartillas de racionamento que a miña nai ía buscar todas as semanas (oito boliños de pan, un cuartillo de aceite e un quilo de azucre). Ademais, cando empecei a cobrar un soldo, tiña que darlle a metade á miña nai, pero as propinas que me daban gardábamas para xuntalas para cando casase. Posteriormente funme con outros señores, onde traballaba como unha condenada por un soldo de 250 pesetas [...]. Era a doncela e todo o día estaba a pasar o ferro ás enaguas das mozas da casa para deixalas tesas [...]. Finalmente estiven noutra casa ata que decidín casar. O día que lle comuniquéi á miña xefa que deixaba o traballo porque casaba, pedíume que non me fose. Díxome que me subía o soldo de 300 a 500 pesetas se quedaba e que xa atoparía outro mozo se o meu mozo non me esperaba [...]. Pero eu non aceptei, porque xa tiña 25 anos e levaba moitos anos con el. Así que casei.

Se a infancia de Xulia estivo marcada pola tráxica desaparición do seu pai, tras a súa voda, a súa vida estaría pola ausencia dun marido que traballaba no mar a bordo do *Mar de Vigo* (Vi-5866), o primeiro gran barco conxelador que saíu do porto vigués.

Ao principio o meu marido navegaba un mes, estaba na casa un día e volvíase botar ao mar. Así estivo uns anos ata que empezou a ir ao Sur de África. Entón botaba fóra sete ou oito meses e en terra un.

Soa en terra e armada de valor, a Xulia non lle quedou outra alternativa que botarse ás costas as responsabilidades do fogar, as xestións administrativas e a distribución do orzamento familiar.

Eu facía as miñas cousas de casa e coidaba dos meus cinco fillos (Xosé Manuel, Xesús, Luís, María Vitoria e María do Pilar). Apañábame co diñeiro que os mariñeiros nos daban a cobrar ás mulleres antes de volver ao mar, e nós iamos todos os meses ás oficinas da Casa do Mar de Vigo a buscar 5000 pesetas que nos deixaban os nosos maridos. Logo, cando eles volvían facían un relato das ganancias que se conseguiran coa marea e cobraban a parte que lles correspondía segundo o volume de capturas.

Co diñeiro mensual que cobraba mentres o seu marido estaba fóra, Xulia administraba e axustaba o orzamento familiar para custear os gastos que carrexaba o mantemento do seu fogar, así como para facer fronte a todas as débedas da construción da súa casa que ela supervisaba persoalmente.

O control do diñeiro levábo eu, porque o meu marido malamente, aos dous meses de chegar á terra marchaba outra vez e eu tiña que volver quedar soa cos fillos. O diñeiro mensual que administraba para os gastos diarios gardábo na casa. Escondíao dentro do peto dunha chaqueta do meu marido que tiña gardada no armario. O resto do diñeiro que cobraba xuntábamolo na cartilla da Caixa de Aforros de Vigo e estaba destinado a pagar os gastos do albanel, o fontaneiro, o electricista e os materiais para a casa. E

aínda que había que comer e vestir aos nenos sempre tentabamos aforrar un pouquiño.


A vida naquela época era moi apertada, polo que Xulia tiña que buscar xeitos para aforrar unhas pesetas ou conseguir un diñeiro extra aos ingresos familiares.

No verán saíanme traballiños para ir limpar cociñas e gañaba unhas pesetas. Tamén vendía peixe do que traía o meu marido do Gran Sol. A cada mariñeiro dábanlle un quiñón do peixe que non se preparaba para a venda (zapata, xurelos) e eles nas súas horas libres secábano e salgábano para dárnolo a nós. Eu repartía un pouco coa miña familia e o resto vendíao a dous reais o quilogramo. Quitábame así uns cartiños que utilizaba para vestir aos nenos [...]. Ademais, na casa tiñamos animais e traballabamos unhas terras para poder mantelos e así ter para comer todo o ano [...]. Da horta tamén sacabamos millo, que moíamos para facer pan [...]. Eran tempos difíciles e había que aforrar moito. Eu facía o que podía. Comprei unha máquina de coser vella por dez duros e con ela fondeaba as sabas cando rompían e remendaba os pantalóns do meu marido. Así duraban un pouco máis. Moita da roupa dos meus fillos facíaa eu. Quedábame tecendo ata as catro da mañá pegada á cociña de ferro.

A pesar da soidade na que se afixo a vivir, Xulia lembra con nostalxia aqueles anos e ao seu marido, do que garda moi bos recordos.

Eu tiven un marido moi bo. Sempre fun dona do meu e el nunca me pediu contas do diñeiro que me daba. El o único que quería é que na súa ausencia estivésemos ben, pero claro, había que axustar moito o cinto e ir trampeando, porque o soldo dun mariñeiro era pequeno. A súa maior ilusión era que á súa volta algún día tivésemos algo noso (unha casa), aínda que fose humilde. ■

Libros



A puta sagrada

Concannon, Maureen: *The Sacred Whore : Sheela Goddess of the Celts*, Cork, The Collins Press, 2004.

ESTRELA VILLAVERDE

Estando de viaxe estival por Irlanda chamou a miña atención este libro, en primeiro lugar polo provocativo título e logo pola imaxe da súa portada, que é a fotografía dunha escultura que

tivera ocasión de ver no Museo Nacional de Irlanda, sito en Dublín, e que chamara moito a miña atención, sen que no museo existira unha explicación moi clara da súa procedencia e significación. No museo esta figura (Sheela na gig from Ballylarkin, County Kilkenny) e outra que tamén ven recollida no libro (Sheela na gig, Sierkieran, County Offaly) e que tamén se atopa no museo, considéranse como figuras medievais, do tempo da conquista de Irlanda polos normandos, posto que as mesmas atopáronse en castelos e igrexas de dita época.

Neste ensaio, que ten como subtítulo de *Sheela deusa dos celtas*, o historiador e psicólogo Maureen Concannon analiza a posible procedencia dunha serie de esculturas de figuras espidas femininas e expón os diferentes lugares onde foron atopadas e a súa interpretación e significación ao longo da historia. Estas figuras consideráronse desde símbolos da nai terra, até figuras obscenas de bruxas ou prostitutas. Se

ben nos estudos máis recentes, entre eles o do autor do libro, identifícanse con símbolos da divindade dos celtas.

Irlanda, ademais de ser un dos lugares onde máis figuras deste tipo se atoparon, foi tamén o único lugar onde se conservaron a maior parte delas, pois cando a Reforma de Roma no século XIII mandou eliminar este tipo de símbolos que se acolleran nas igrexas, lonxe de destruírse foron levadas e custodiadas noutros lugares, como castelos e mosteiros, posto que se identificaban coa cultura ancestral irlandesa. Ditas figuras chegaron a converterse nunha convención na arquitectura da aristocracia irlandesa (*Castle Hag*), situándose en moitos castelos como un símbolo de sorte e de protección contra os inimigos.

O autor ademais analiza a significación psicolóxica destas figuras e a importancia da súa reivindicación na actualidade, pola necesidade social da femineidade e dos valores en igualdade no mundo actual. ■

PUBLICIDADE

Benito Corbal. 16
986 850 086 (4 líneas). Pontevedra

Rúa do Sol, 139-141
Tel: 35 31 66 Ferrol

BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN

andaina

revista galega de pensamento feminista

Nome	Apelidos
Enderezo	Localidade
.....	Código Postal
Desexo subscribirme á Revista Andaina a partir do nº	
Prezo: <i>Tarifa normal</i> <input type="checkbox"/> 15 € ano	<i>Tarifa de apoio</i> <input type="checkbox"/> 16 € ano

<input type="checkbox"/> Envío talón. Pago en efectivo	Data
<input type="checkbox"/> Transferencia bancaria á cta. de Andaina (Caixa Galicia CCC: 20910377743040003301)	Bco/Caixa
<input type="checkbox"/> Domiciliación bancaria (cubrir os datos adxuntos e enviar a: Revista Andaina, apdo. 1058 de Santiago)	Oficina
	Localidade

Agradecereilles que a partir desta data atendan con cargo a miña conta Nº CCC:

Entidade	Oficina
Dc	Nº de conta

Os recibos presentados pola revista **Andaina**.
Atentamente:

Nome	Apelidos
------------	----------------

Sinatura do/a titular da conta:	PODES ATOPAR O BOLETÍN EN www.andainamulleres.org
---------------------------------	--



anda!na

revista galega de pensamento feminista

PUNTOS DE VENDA

A Coruña

Librería Couceiro
Praza do Libro, 12

Librería Xiada
Avd. de Fisterra, 76-78

Librería Lume
Rúa Fernando Macías

Pontevedra

Librería Michelena
Rúa Michelena, 22

Librería Paz
Peregrina, 29

Santiago

Librería Couceiro. Rúa do Hórreo, 9

Librería Pedreira
Rúa do Home Santo, 55

Baba. Área Central

Ártico. Rúa do Vilar, 49

Lugo

Librería Trama
Avd. da Coruña, 21 (galerías)

Ourense

Livraria Torga. Rúa da Paz, 12

PUBLICIDADE

Servicio de Asesoramento das Mulleres

■ CONCELLERÍA DA MULLER ■

Para a atención específica dos problemas que afectan ás mulleres o Concello de Santiago pon a súa disposición o Servicio de Asesoramento das Mulleres


Para asesorarte nas túas dúbidas e buscar unha solución ós teus problemas familiares, laborais, xurídicos e sociais

Estamos a túa disposición na Praza da Constitución s/n.

■ Horario de atención ó público

Tódolos días de 10 a 14 h.

Teléfono: 981 57 14 61



CONCELLO DE SANTIAGO

Concellería da Muller

Morre en Nova York en outubro de 2009 esta interesante artista nacida en Cleveland, EE. UU., en agosto de 1926. Desde nova padece unha enfermidade dexenerativa que lle fai coñecer a dor.

E recoñecida internacionalmente pola súa obra e pola súa implicación política e artística na loita pola paz e contra a guerra, pola igualdade, liberdade e recoñecemento das mulleres; unha artista feminista, radical e contestataria. A súa obra está nas coleccións de arte máis relevantes a nivel mundial e aínda que é unha creadora fundamental dos últimos cincuenta anos resulta practicamente descoñecida para o gran público.



Nancy Spero

A súa formación cabalga entre o Instituto de Arte de Chicago, a escola de Belas Artes de París e Florencia.

Vive en Francia até mediados da década dos cincuenta. Nesa altura as súas expresións artísticas roldan o amor, a maternidade e a noite.

En 1964 regresa a EE. UU. Impáctana as imaxes da guerra de Vietnam que difunde a televisión. Influída polo pop art e o minimalismo que imperan en NY fai o seu *War Series*, un alegato contra a guerra e as súas consecuencias, compromiso político que permanecerá sempre.

Tamén deixa o lenzo e traballa en papel: explosións nucleares, cruces gamadas, bombas fálicas e helicópteros poboan as súas expresións.

Nos comezos dos setenta a artista ten unha linguaxe madura e ben propia: muros con *collages*, siluetas e textos reivindicativos e até obscenos, lonxe dos discursos oficiais. Denuncia os malos tratos e as violacións padecidas polas mulleres, en obras como *Torture of Women* (1976) nas que combina imaxes que estremecen con textos alusivos ás atrocidades cometidas nos réximes ditatoriais suramericanos de tortura as prisioneiras políticas.

Activamente comprometida coas actividades artísticas e políticas da *Coalición de Traballadores da Arte*, en 1969 únese a *Mulleres Artistas na Revolución* (WAR) e mesmo funda unha cooperativa que abriu no Soho de Nova York, a primeira galería de arte dedicada exclusivamente ás mulleres *Artists in Residence*, AIR. En todo este traballo hai unha crítica expresa á invisibilidade do traballo das mulleres no mundo da arte cunhas posicións claramente políticas.

Para saber máis:

<http://www.macba.cat/controller.php>

Nos anos oitenta concéntrase no corpo da muller, único obxectivo do seu traballo, con reflexións conceptuais nas que están presentes o sexo e a política. Grandes murais, instalacións e deseños que ocupan cuartos enteiros, usando tampóns en troca dos métodos habituais de pintura. Ao tempo experimenta, tentando eliminar as diferenzas obra/espazo na que esta se exhibe. Figuras espidas que se moven corren diante da persoa espectadora. Isto leva a experimentar coa interactividade e longos rolos de papel pregados que convidan a facer camiños sinuosos pola sala de exposicións.

En 1997 participa en *Documenta X*, en Kassel.